

# AVOGACÍA COMPOSTELÁ

N.º 7 outubro 2009  
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados  
de Santiago de Compostela



## Alberto Núñez Feijóo

“ Un avogado ten que ser unha  
persoa cunha característica  
fundamental: a perseveranza.”

### Novas Avogacía:

A crise dispara un 20 por cento o número de preitos da quenda de oficio en España

### Opinan de nós



Xosé Manuel  
Iglesias Iglesias



Javier  
Castiñeiras Izquierdo

### Colaboración:

Proxecto de Mediación Intra-  
judicial de Santiago de Com-  
postela: Análise dos primeiros  
100 días de funcionamento

### Entrevistas:



Alberto Núñez Feijóo



Soledad Sánchez Silva



**CLINICA BAVIERA**  
INSTITUTO OFTALMOLOGICO EUROPEO

**ILUSTRE C°  
ABOGADOS  
SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

# Ahora es el momento

## PROMOCION CORRECCION VISUAL POR LASER

Ahora sólo por ser **miembro del ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, tú y tus familiares directos os podréis beneficiar de excepcionales tarifas en los tratamientos de corrección visual por láser. No dejes pasar la oportunidad.

	TARIFA PRIVADA	TARIFA C° ABOGADOS SANTIAGO DE COMPOSTELA
<b>CORRECCIÓN POR LÁSER*</b>	<b>1.075-1.175€/ojo</b>	<b>995€/ojo</b>
<b>CONSULTA Y PRUEBAS PREVIAS</b>	<b>75€</b>	<b>35€</b>

**Hipermetropía • Miopía • Astigmatismo**

\*Excepto Lasik Customizado

**20% de descuento** en el resto de consultas y tratamientos (excepto prótesis).

Imprescindible acreditación en la primera visita a la clínica.

**CB A Coruña.** Plaza de Galicia, 2. Tel. 98 112 66 43

**CB Vigo.** C/García Barbón, 28. Tel. 986 44 31 64



A CORUÑA • ALAVA • ALBACETE • ARAGON • ASTURIAS • BALEARES • BARCELONA • BURGOS  
CASTELLON • CIUDAD REAL • GUIPUZCOA • LA RIOJA • MADRID • MALAGA • MURCIA • NAVARRA  
PALENCIA • PONTEVEDRA • SEVILLA • TARRAGONA • VALENCIA • VALLADOLID • VIZCAYA



**902 130 100**  
[www.clinicabaviera.com](http://www.clinicabaviera.com)



# Avogacía Compostelá

## Dirección

Evaristo Nogueira Pol



## Secretaría técnica

Manuel Arza Galán  
Telf.: 981 581 713  
st.gerente@icasantiago.org



## Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



## Consello de redacción

Timoteo Gutiérrez Valerio



M.<sup>a</sup> Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnosó



Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda



Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz



M.<sup>a</sup> del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega



Depósito Legal: C-3778-2007  
Deseño e Maquetación: Vórtice, S.L.

# Índice

Editorial .....	4
Novas Avogacía .....	5
<b>Entrevista</b>	
Alberto Núñez Feijóo .....	14
Soledad Sánchez Silva .....	20
<b>Colaboración</b>	
Proxecto de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela: análise dos primeiros 100 días .....	24
Vida Colexial .....	28
Ao pé da letra .....	34
Biblioteca .....	37
Avogacía nova .....	39
Opinan de Nós .....	38
Fóra da Lei .....	42

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.

## Lotería de Nadal **48729**

O portador do presente recibo xoga a cantidade de **48729** no número arriba indicado, para o sorteo do día 22 de Decembro de 2009.

SON **€**

CADUCA AOS TRES MESES  
Todo fallo será ao arbitrio do sorteado.



ILUSTRE COLEXIO  
DE  
AVOGADOS  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Evaristo Nogueira Pol  
Decano do Ilustre Colexio  
de Avogados de Santiago

## Estimados compañeiros/as:

Neste número da revista tivemos a honra de entrevistar o presidente da Xunta de Galicia, a quen agradecemos que dentro da súa apertada axenda tivese a delicadeza de concederlles practicamente unha hora aos nosos compañeiros, Javier Sánchez-Agustino e José Ramón Oulego.

Tamén agradecemos o artigo redactado polo xuíz de primeira instancia encargado dos litixios de dereito de familia, Roberto Soto, en relación co convenio de mediación familiar, o cal está dando uns resultados francamente positivos, principalmente polo compromiso que adquirimos os avogados no desenvolvemento deste proxecto.

Complétase o apartado de entrevistas coa realizada á nosa compañeira decana do Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela, Soledad Sánchez Silva, quen mantén unha moi cordial relación con todos nós.

Noutra orde de cousas, cómpre informarnos de que se está levando a cabo a negociación entre os colexios de avogados de Galicia -a través do Consello da Avogacía Galega- coa Administración autonómica para pechar o baremo de honorarios da quenda de oficio, que rexerá durante os vindeiros anos. Este colexio de avogados materavos informados deste proceso, sen descartar a convocatoria dunha reunión cos compañeiros adscritos á quenda de oficio coa finalidade de explicar os pormenores do convenio. En todo caso, as nosas reivindicacións estriban basicamente na incorporación ao baremo de figuras que no anterior non existían e, polo tanto, non se estaban a cobrar, así como na solicitude de actualización das cantidades adscritas a cada partida.

Tamén estamos intentando pechar un acordo coa Mutuabilidade da Avogacía para procurar unha axuda económica á familia dos colexiados no caso de falecemento. Esta prestación sería gratuíta para os colexiados xa que o custo económico asumiríao o colexio. Informarémolos de todo con máis detalle no caso de pechar definitivamente o acordo.

Preocúpalle a este colexio de avogados a impuntualidade que se está producindo nalgúns xulgados no horario previsto para a celebración dos sinalamentos. Estamos intentando corrixir estas situacións cos titulares dos xulgados logo de manifestarlles o prexuízo que para todos nós producen estas situacións. Prégovos que nos vaiades informando en relación con este asunto para poder facer un seguimento pola parte nosa.

Estanse a trasladar reiteradamente as nosas queixas ante diversas administracións polo colapso existente nos xulgados do social desta cidade. A información que temos condúcenos a ser moderadamente optimistas cara ao ano 2010 coa creación dun terceiro xulgado, pero iso non é motivo para baixar a garda en torno a esta reivindicación.

Agardo que sexa do voso agrado este número da revista, a cal está confeccionada por compañeiros e compañeiras de forma desinteresada. Un saúdo.

Decano



# Novas de interese Novas de interese

## Un xulgado ordena devolverlle o canon dixital a un avogado que usou os CD para copiar xuízos

Unha sentenza ordena a devolución do canon dixital a un avogado tras demostrar que os CD que empregou para copiar xuízos non tiñan como finalidade reproducir obras protexidas por dereitos de propiedade intelectual xa que se trataba de actos públicos.

A sentenza foi pronunciada polo Xulgado do Mercantil núm. 1 de Sevilla e condena un comerciante a devolverlle ao avogado Joaquín Moeckel a cantidade de 1,12 euros correspondente ao “canon dixital” de catro CD que, segundo demostrou no xuízo, utilizou para reproducir outras tantas actividades xudiciais.

Segundo a sentenza, con iso «queda suficientemente acreditado que o destino ou uso final» dos CD non foi a copia privada, que é o obxectivo do «canon dixital» que, tras ser aboado ao comerciante, cobra a Sociedad General de Autores de España (SGAE).

O avogado declarou que, aínda que esta sentenza se refire só á súa reclamación concreta, podería aplicarse a todos os profesionais da Xustiza, como avogados ou procuradores e a outras ramas como a Sanidade pública, que empregan os CD para copiar documentos do seu traballo que teñen carácter público.

## O Goberno aproba o Plan de modernización da Xustiza que incrementará nun 19 por cento a planta xudicial

O Consello de Ministros aprobou un plan de modernización da Xustiza que prevé un incremento do 19 por cento da actual planta xudicial entre o presente ano e 2012, coa creación de 910 novas unidades xudiciais e que “por primeira vez en 30 anos de democracia”, segundo o ministro de Xustiza, Francisco Caamaño, “supón a acción concertada de todos os sectores implicados neste ámbito -Goberno, comunidades autónomas, Consello Xeral do Poder Xudicial, Fiscalía e profesionais implicados-”.

O plan terá un custo de 600 millóns de euros de aquí ata o final da lexislatura, que foi garantido pola propia vicepresidenta económica do Goberno, Elena Salgado, durante a rolda de prensa que tivo lugar tras o Consello de Ministros.

Outro dos piares do plan será a implantación do programa EJIS, que permitirá a interoperabilidade de todos os actores da xustiza e acabará cos problemas de compatibilidade informática que se dan actualmente entre os diferentes órganos xudiciais de España. O plan incidirá en seis puntos fundamentais, segundo Caamaño, do Departamento de Xustiza: a instauración dun servizo público de calidade, dunha xustiza titular e altamente cualificada, tecnoloxicamente avanzada, que mire ao cidadán, que proveña dunha “comuñón” de esforzos e que se fortaleza tamén no ámbito internacional.

Igualmente, o plan inclúe a modernización dos rexistros civís, onde se instalarán postos automáticos que permitirán, por exemplo, sacar unha partida de nacemento sen ter que dirixirse a ningún funcionario do órgano, de forma rápida e sinxela.

Este plan completará os importantes cambios previstos coa implantación da nova oficina xudicial, cuxo proxecto de lei afronta a recta final da súa tramitación parlamentaria no Senado. Segundo Xustiza, o plan para a modernización buscará os seguintes obxectivos:

1. Lograr un servizo público de calidade.
2. Unha xustiza profesional e altamente cualificada.
3. Unha xustiza tecnoloxicamente avanzada.
4. Un servizo orientado ás persoas.
5. Maior cooperación xurídica internacional.

Ademais, o Ministerio persegue que con este plan “ao finalizar o período 2009-2012 España dispoña dun servizo público de xustiza puntual cos cidadáns e equiparable no seu rendemento a outros servizos públicos avanzados”. Estes son os obxectivos que se marcou o Ministerio.

1. Incremento nun 19% da planta xudicial
2. Aumento de 2000 prazas de xuíces, fiscais e secretarios xudiciais
3. Despregue da nova oficina xudicial e do Ministerio Fiscal
4. Xustiza titular e altamente cualificada
5. Os xulgados e tribunais de España traballarán en rede e comunicaranse en tempo real.
6. Un Rexistro Civil de servizos único, informatizado e dixitalizado
7. Redución nun 30% dos tempos de tramitación e resposta xudicial
8. Modernización do sistema científico de apoio á xustiza
9. Despregamento completo e integral das oficinas de asistencia ás vítimas
10. Disporase dunha nova ordenación da planta e demarcación xudicial.
11. Unha Administración de xustiza máis integrada en Europa
12. Un esforzo orzamentario do Ministerio de Xustiza para modernización que supón, nestes tres anos, un incremento do 48 por cento.

# Novas de interese Novas de interese

## A crise dispara un 20 por cento o número de preitos da quenda de oficio en España

O III Informe do Observatorio de Xustiza Gratuíta CXAE-LA LEY recolle a maior enquisa realizada aos avogados de oficio en España. O volume de traballo da quenda de oficio en España experimentou un pronunciado aumento con motivo da crise económica. Ao longo do 2008 o número de expedientes tramitados incrementouse nun 10 por cento, pero “no primeiro semestre do 2009 a suba superou xa o 20 por cento”, adiantou o presidente do Consello Xeral da Avogacía Española, Carlos Carnicer, durante a presentación do III Informe do Observatorio de Xustiza Gratuíta CXAE-LA LEY, que tivo lugar na sede do CXAE. No acto tamén estiveron presentes Alberto Larrondo, director xeral de La Ley; Caridad Hernández, directora xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e Luis Ruipérez, presidente da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta do CXAE.



Segundo Carnicer, este incremento é consecuencia “do impacto que a crise económica está a ter, como era de prever, sobre a asistencia xurídica gratuíta, debido fundamentalmente ao incremento de expedientes de regulación de emprego, despedimentos, cesamentos laborais, conflitos de carácter mercantil entre pequenos e medianos empresarios, concursos, etcétera, que explican a significativa variación á alza”.

No 2008, preto de 1.400.000 persoas recibiron asistencia xurídica ou asistencia letrada gratuítas, aproximadamente un 11 por cento máis que en 2007, un incremento similar ao que experimentou o orzamento destinado a estes conceptos, un 11,2 por cento, ata chegar aos 219,7 millóns de euros. Non obstante, “hai temores de que no 2009, as partidas orzamentarias estean conxeladas ou ao mesmo nivel do 2008 e que iso provoque novamente atrasos coma o ano pasado, cando xa houbo serios problemas de cobramento nalgunhas autonomías”, apuntou Carlos Carnicer.

Do total do orzamento, e por comunidades autónomas, Cataluña (24,8%), Madrid (21%) e Andalucía (13,9%) foron as que máis recursos recibiron fronte a La Rioja (0,3%), Ceuta (0,5%) e Melilla (0,6%), que foron as que menos.

Luis Ruipérez, destacou que o obxectivo do Observatorio de Xustiza Gratuíta CXAE-LA LEY é ante todo “mellorar o servizo público da xustiza gratuíta”, algo para o que o Comité de Expertos do Observatorio recomenda traballar en tres bloques: a formación inicial de todos os avogados da quenda de oficio, a libre elección modulada do avogado de oficio “para que sexa o xusticiable quen de forma modulada elixa os avogados de oficio”, e a corresponsabilidade económica en función dos ingresos de aqueles que solicitan este tipo de asistencia.

Caridad Hernández subliñou que a Administración de Xustiza “toma nota de todas as recomendacións do Informe, non só para coñecer o dato, senón tamén para mellorar e analizar as nosas deficiencias”, xa que estas recomendacións, en palabras da directora xeral de Relacións coa Administración “serviron para mellorar e buscar unha maior eficacia do servizo”. Ademais, Caridad Hernández adiantou durante a presentación do III Informe do Observatorio que a Administración “é consciente da necesidade dunha reforma da Lei de xustiza gratuíta, algo para o que se constituíu un grupo de traballo para o seu desenvolvemento”.

Por outra banda, o presidente do CXAE, Carlos Carnicer, achegou tamén datos sobre o aumento producido no primeiro semestre do 2009 nalgunhas comunidades autónomas como Andalucía, onde as solicitudes de xustiza gratuíta se incrementaron un 32 por cento, Cataluña un 19,2 por cento ou Madrid un 22 por cento, así como en provincias como Zaragoza cun 22 por cento ou Valencia, cun 14,8 por cento.

Outro dos aspectos que recolle o Informe do Observatorio é o aboamento medio por expediente ao avogado de oficio, que o ano pasado creceu “só un 0,77 por cento, cifra moi inferior ao aumento xeral do custo da actividade profesional para o avogado,” apuntou Carnicer. Desta forma, o aboamento medio por expediente sitúase en 211,02 euros fronte aos 209,4 do 2007.

En canto ao número de casos xestionados, os avogados de oficio trataron unha media de 20 asuntos (18,2 no 2007) o que lles produciu uns ingresos medios de 4260 euros, “cuns baremos practicamente conxelados nos últimos seis anos”, puntualizou Luis Ruipérez. Non obstante, os baremos varían de forma substancial nas diferentes autonomías. Os que menos retribución reciben son os avogados que prestan os seus servizos no territorio común, seguidos dos letrados navarros e andaluces. Pola contra, no País Vasco e en Cataluña concéntranse as retribucións máis altas seguidos da Comunidade de Madrid, Galicia e a Comunidade Valenciana.

## A perda parcial de puntos do carné de conducir poderá ser recorrida

Unha sentenza pronunciada pola sala terceira do Tribunal Supremo (recurso 25/2006) fai referencia no seu fundamento de dereito cuarto a unha serie de consideracións importantes en relación cos dereitos da cidadanía no procedemento sancionador e coa prohibición de indefensión en materia de perda parcial de puntos.

Malia desestimar o recurso contencioso-administrativo presentado pola Asociación de Automobilistas Europeos (AEA), a sala considera que a perda de puntos é unha medida que presenta, claramente, natureza sancionadora, o que se traduce nunha serie de esixencias que haberán de respectarse para evitar indefensións. Deste xeito, durante o desenvolvemento do procedemento, o cidadán ten dereito a coñecer e ser informado dos puntos que podería perder no caso de resultar sancionado. Debe ter ao seu alcance todos os medios de alegación e de proba e, finalmente, débesele abrir a vía do recurso tanto fronte á perda total de puntos como fronte á perda parcial.



## A Autoridade de Certificación da Avogacía, primeiro prestador privado de servizos de certificación electrónica

A Autoridade de Certificación da Avogacía (ACA) situouse no primeiro posto no ránking de prestadores de servizos de certificación electrónica privados tras incrementarse o seu volume de uso nun 50 por cento na campaña da renda do 2009. ACA ocupa o segundo lugar tras a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

Na campaña do 2009 os avogados presentaron 16.500 declaracións do IRPF a través da páxina web da Axencia Tributaria ([www.aeat.es](http://www.aeat.es)). Este trámite dixital foi posible grazas ao convenio que o Consello Xeral da Avogacía Española ten subscrito coa AEAT.

O certificado dixital de avogado, inserido no carné colexial, habilita os letrados españois para realizaren calquera tipo de trámite telemático coa Administración pública, sempre con plena validez xurídica e de xeito análogo á sinatura manuscrita no ámbito tradicional.

O uso do certificado dixital de avogado para a relación coa Administración pública está cada vez máis estendido e prevé un forte cre-

cemento debido á publicación da Lei de administración electrónica (11/2007), que entrará en vigor a finais deste ano 2009 e dálles dereito aos cidadáns á realización de trámites electrónicos coa Administración pública estatal.







# Mutualidade

## O Congreso dos Deputados apoia por unanimidade as reivindicacións sobre asistencia sanitaria da Mutualidade

O pleno do Congreso dos Deputados aprobou o día 29 de setembro, por unanimidade, a proposición non de lei seguinte:

“O Congreso dos Deputados insta o Goberno a:

1. Presentar o informe que cuantifica a poboación sen asistencia sanitaria pública coa evolución do seu impacto económico antes do final do vindeiro mes de outubro, en cumprimento do texto da proposición non de lei aprobado por unanimidade na Comisión de Sanidade e Consumo sobre o mesmo asunto.
2. Promover o recoñecemento do carácter universal e, en consecuencia, o dereito efectivo á asistencia sanitaria das persoas con nacionalidade española e das persoas estranxeiras residentes, modificando, se é o caso, para o efecto as leis xerais de Sanidade e de Seguridade Social que sexan precisas. Entre tanto, garántase o acceso aos españois residentes en termos de igualdade á asistencia sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.
3. Que nun prazo de seis meses dende a aprobación desta proposición non de lei, remítase un informe expresivo das medidas adoptadas e do grao de cumprimento destas.”

A proposición non de lei aprobada é un fito transcendente na obtención da asistencia sanitaria gratuíta para os cidadáns españois que non a teñen recoñecida, entre eles os avogados, e para todos os estranxeiros residentes.

Valoramos moi positivamente a unanimidade dos grupos parlamentarios e felicítamonos como mutualistas polo recoñecemento do dereito á dita asistencia sanitaria; e por suposto á Ponencia de Asistencia Sanitaria creada pola Mutualidade da Avogacía e o Consello Xeral da Avogacía Española, polo seu traballo encamiñado a conseguir este recoñecemento.



## A Mutualidade da Avogacía obtén autorización para operar plenamente nos seguros de vida, accidentes e asistencia sanitaria

O Ministerio de Economía e Facenda autorizou a Mutualidade Xeral da Avogacía, a través dunha orde ministerial publicada no BOE o 31 de agosto, a ofrecerlles aos seus mutualistas seguros de vida, de accidentes e de saúde sen suxeitarse aos límites cuantitativos de prestacións establecidos para a xeneralidade de mutualistas de previsión social.

As mutualidades de previsión social teñen establecida consonte o artigo 18 do Regulamento de mutualidades de previsión social e o artigo 65 da Lei de seguros unha limitación na contía das prestacións que poden ofrecer. Os límites están actualmente regulados pola Orde EHA/889/2008, do 27 de marzo, que estableceu que as prestacións económicas que poden ser garantidas polas mutualidades de previsión social non poderán exceder de “30.000 euros como renda anual nin o seu equivalente actuarial como percepción única de capital”. A cambio desta limitación a estas entidades esíxeselles posuír só o 75% das contías de fon-

dos propios e marxe de solvencia que ao resto de entidades aseguradoras.

A Mutualidade Xeral da Avogacía, tras a autorización da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda, poderá pois ofrecerlles aos seus avogados mutualistas toda a gama de seguros de vida, accidentes e saúde nas mesmas contías aseguradas que calquera entidade aseguradora e sen ter que limitarse ás contías máximas establecidas para a xeneralidade de mutualidades.

Isto permitirá que os mutualistas poidan ter na Mutualidade a súa única entidade aseguradora ao non ter limitacións, salvo pola selección de riscos, na contratación das súas prestacións económicas xa sexa como capitais ou rendas aseguradas. Ata o de agora, os mutualistas que querían asegurar capitais por enriba dos que a Mutualidade podía ofrecer tiñan que recorrer a outras entidades para complementar as súas necesidades de previsión.

## O Plan Universal permite realizar achegas sen límites mantendo todas as vantaxes fiscais

Desde o pasado 1 de setembro, os mutualistas que o desexen poden contratar de forma simultánea o sistema de aforro flexible (PIAS) e o sistema de aforro flexible configurado como un seguro de vida aforro (SVA), podendo realizar maiores achegas, sen perder as vantaxes fiscais que ofrece o PIAS.

As novas achegas recibirán a mesma rendibilidade que o resto de sistemas do plan universal, neste exercicio un 5% a conta, ao que se engadirá a finais de ano a participación en beneficios e gozarán da mesma liquidez do sistema de aforro flexible.

## A carteira de Renda Fixa da Mutualidade revalorízase de forma significativa nos dous últimos meses

A evolución dos bonos corporativos nos dous últimos meses foi moi positiva, cunha subida media superior ao 10%. Isto provocou unha revalorización da carteira de renda fixa da Mutualidade, incrementando as súas plusvalías latentes en máis de 100 millóns de euros que, loxicamente, fai que mellore a súa marxe de solvencia.

Aproveitando esta situación, vendéronse algunhas partidas de sectores aínda afectados pola crise e obtivéronse unhas plusvalías totais de 3.456.955 euros, o que supuxo unha rendibilidade media do 13%.

Por último, a compra de máis de 400 millóns de euros en bonos corporativos, cunha rendibilidade por enriba do 6%, que se realizou durante os últimos meses, permite mellorar a rendibilidade da carteira de renda fixa da Mutualidade, acadando o 5,70% no total dos investimentos.

## Protocolo de actuación para xuízos de conformidade subscrito entre a Fiscalía Xeral do Estado e o Consello Xeral da Avogacía Española

Madrid, 1 de abril de 2009

### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Cándido Conde-Pumpido Tourón, Fiscal Xeral do Estado, nomeado en virtude de Real decreto 750/2008, do 9 de maio, e, no exercicio da representación do Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional con personalidade xurídica propia, segundo se recolle na Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica o artigo 2.1 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Carlos Carnicer Díez, Presidente do Consello Xeral da Avogacía Española, órgano representativo, coordinador e executivo superior dos ilustres colexios de avogados de España de acordo co disposto no artigo 67 do Real decreto 658/200, do 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da avogacía española.

Ambas as partes actúan en nome e representación das institucións ás que, respectivamente, pertencen e de xeito recíproco se recoñecen a competencia e a capacidade precisas para formalizar o presente protocolo, e por iso

### EXPOÑEN:

1. O presente protocolo ten por finalidade actualizar os medios de solución consensuada do proceso penal que se orientan prioritariamente a fomentar a celeridade e a simplificar os trámites precisos para alcanzar a sentenza dispostos pola Lei de axuízamento criminal (LACrim), especialmente dende a reforma da Lei orgánica 15/2003.

A conformidade non é unha novidade no noso ordenamento procesual penal: a súa regulación orixinaria e esencial recóllese nos artigos 655 e 688 a 700 da Lei procesual penal. A esa inicial e máis que centenaria normativa fóronselle superpoñendo preceptos que foron introducidos sucesivamente por leis modificativas da Lei de axuízamento criminal ou complementarias desta. En consecuencia, a última reforma aludida non alterou substancialmente os trámites da conformidade ordinaria ou común no procedemento abreviado nin no sumario. O principio de consenso segue existindo como

incidencia que se produce na fase preparatoria do xuízo, tras a apertura do xuízo oral, en momentos case coincidentes aos previstos na regulación orixinal, así: no trámite de evacuación do escrito de defensa (artigo 784.3, parágrafo 1); mediante a novidade que representa o posible escrito de cualificación subscrito por acusación e defensa, froito da previa negociación, que se incorpora á causa en calquera momento anterior ao desenvolvemento das sesións do xuízo oral (artigo 784.3, parágrafo 2); e, finalmente, ao inicio das sesións do xuízo oral, antes da práctica da proba (artigo 787.1).



A Lei de axuízamento criminal mantén o ámbito de aplicación que a conformidade ordinaria tiña na regulación precedente. As regras do presente protocolo observaranse igualmente no procedemento de sumario ordinario, en canto resulten aplicables, xa sexa para a conformidade prevista no artigo 655 LACrim., xa sexa para favorecer o acordo da acusación e a defensa que permita a confesión do reo con renuncia á continuación do xuízo que se regula no artigo 688. A conformidade segue sendo, na nova normativa, un medio para salvar a necesaria realización do xuízo oral e evitar o efecto estigmatizador deste, proporcionando ao acusado disposto a recoñecer a culpa unha vía de resolución do proceso máis satisfactoria dende o punto de vista da súa resocialización. Esta conformidade ordinaria non permite un acoutamento relevante do proceso, pois a conformidade verifícase cumprida a fase de instrución, durante a fase intermedia ou preparatoria do xuízo, ou no mesmo inicio das sesións. Probablemente responda á necesidade de superar o limitado efecto redutor de trámites da conformidade ordinaria a novidosa opción lexislativa contida no artigo 801 LACrim de fomentar a vía da negociada de solución do proceso ofrecendo unha relevante rebaixa da súa condena ao imputado que asumise a súa



propia responsabilidade de xeito inmediato no servizo de garda do xulgado de instrución ou no período de instrución de dilixencias previas.

2. O número de sentenzas de conformidade pronunciadas foi en progresivo aumento coas sucesivas reformas. O lexislador foi potenciando a solución consensuada como un modo de terminación do conflito penal.
  3. Unha axeitada aplicación do presente protocolo mellorará sensiblemente a nosa administración de Xustiza, sendo beneficiosa para toda a sociedade en xeral. Por un lado, e en relación coa Administración de Xustiza, este protocolo incidirá no desconxestionamento dos xulgados, colaborando a reducir o colapso que moitos dos nosos xulgados e tribunais veñen padecendo, ao axilizar a finalización de procesos penais por vía do acordo entre as partes; e evitará, en parte, o quebranto das axendas dos órganos de axuízamento á hora de facer os sinalamentos, permitindo unha mellor programación ao coñecer de antemán algunhas das conformidades e poder sinalar días específicos para estas. Por outro lado, tamén producirá efectos beneficiosos a todos os cidadáns que se ven obrigados a colaborar coa Administración de Xustiza -testemuñas en xeral, funcionarios das forzas e corpos de seguridade do Estado e peritos-, pois prevendo con antelación suficiente a conformidade das partes no proceso, evítanse citacións, esperas e molestias innecesarias.
- Sen dúbida iso tamén reverterá de forma positiva en relación coas vítimas, que de forma máis áxil e segura poderán ser reparadas do dano causado, así como en relación cos acusados, que verán finalizado o proceso de forma máis áxil e consensuada.
4. O presente protocolo pretende un sistema de conformidades sustentado polas ideas de simplicidade e axilidade. Por un lado, establécese que as distintas fiscalías e colexios de avogados -ou agrupacións destes-, contén con fiscais e letrados cuxa misión fundamental será o seguimento, aplicación e correcto desenvolvemento do presente protocolo, solucionando as distintas incidencias que poidan producirse. A fiscalía manterá un servizo de incidencias diario para atender as conversacións ou pactos sobre conformidade, con independencia de quen sexa o fiscal asignado ao asunto. O fiscal de incidencias actuará para a conformidade coma se fose o designado conforme ás normas de repartición para os efectos de poder atender os acordos e, no seu caso, presentar un escrito conxunto ao órgano competente segundo a fase procesual. Nestes casos tamén se facilitará a cita entre os fiscais e os letrados.

Para os supostos en que efectivamente se chegue a unha conformidade, a propia fiscalía encargarse de poñer en



coñecemento do xulgado ou tribunal que coñeza da causa o acordo, para os efectos de que se axilice o máximo posible a vista oral de conformidade, así como para que se poidan unificar nos mesmos días distintas vistas de conformidades.

E para o efecto, ACORDAN:

#### **Artigo 1. Obxecto do protocolo**

A presente normativa ten por obxecto a organización necesaria para a realización dos xuízos de conformidade aos que se refire a Lei de axuízamento criminal.

#### **Artigo 2. Ámbito funcional**

Limitase a aqueles delitos cuxo axuízamento e sentenza sexan competencia dos xulgados do penal, dos xulgados centrais do penal, da Audiencia Provincial e da Audiencia Nacional.

#### **Artigo 3. Ámbito obxectivo**

Estas normas aplicaranse aos procedementos dos que coñezan os devanditos órganos de axuízamento como procedementos abreviados e sumarios, e dentro do marco legal que a nosa Lei ritual establece para as conformidades.

#### **Artigo 4. No xulgado de garda**

Será de aplicación o disposto na Lei de axuízamento criminal respecto aos chamados xuízos rápidos (artigos 801 e seguintes) sen que sexa de aplicación o presente protocolo.

#### **Artigo 5. No procedemento abreviado**

1. No xulgado de instrución e no xulgado central de instrución



# Novas Avogacía

- 1.1. Con carácter previo ao período intermedio (antes do auto de transformación a procedemento abreviado): unha vez chegado a un acordo de conformidade, interesárase do xuíz instructor a acomodación do procedemento, para os efectos de poder presentar escrito de cualificación provisional conxunta de conformidade consensuado entre o Ministerio Fiscal e a defensa do imputado. Todo iso sen prexuízo de que nos casos que proceda, se poida tramitar a devandita conformidade como procedemento urxente segundo o disposto no artigo 799.1, 5ª LACrim.
  - 1.2. Despois de evacuado o trámite de cualificación e antes do sinalamento do xuízo oral: novo escrito de cualificación provisional conxunta de conformidade que haberán de consensuar o Ministerio Fiscal e a defensa do imputado.
2. No xulgado do penal e no xulgado central do penal
    - 2.1. Antes da data do xuízo oral: polo menos dez días previos á data de comezo do xuízo oral. Novo escrito de cualificación conxunto de conformidade do Ministerio Público e a defensa do acusado.
  3. Na audiencia provincial e na sala do penal da Audiencia Nacional
    - 3.1. Antes da data do xuízo oral: polo menos dez días previos á data de comezo do xuízo oral. Novo escrito de cualificación conxunta de conformidade do Ministerio Público e a defensa do acusado.
    - 3.2. No xuízo oral: neste caso o pacto de conformidade desenvolverase coa soa presenza do Ministerio Fiscal e a defensa do acusado, de forma que se preserve a confidencialidade da negociación.


## Artigo 6. No procedemento ordinario sumario

1. No xulgado de instrución e no xulgado central de instrución
  - 1.1. Antes de evacuar o trámite de cualificación, o Ministerio Fiscal e a defensa do acusado poderán pactar un acordo que terá reflexo no escrito de cualificación provisional do Ministerio Público, para os efectos de aplicación do artigo 655 da Lei de axuizamento criminal.

Se o citado artigo 655, unha vez atendida a gravidade da pena, non fose aplicable, poderá igualmente formularse o devandito acordo, que o fiscal reflectirá no seu escrito de conclusións provisionais. Neste caso, a defensa, ao evacuar as súas conclusións, fará constar neste a conformidade do acusado, co fin de que o tribunal poida tomala en consideración para resolver acerca do sinalamento do xuízo de acordo co previsto no artigo 659 LACrim.

2. Na audiencia provincial e na sala do penal da Audiencia Nacional
  - 2.1. Antes da data do xuízo oral: polo menos dez días previos á data de comezo do xuízo oral. Escrito de cualificación





definitiva conxunta de conformidade do Ministerio Público e a defensa do acusado.

- 2.2. No xuízo oral: neste caso e como vén desenvolvéndose no momento presente, desenvolverase o pacto de conformidade na propia sala coa soa presenza do Ministerio Fiscal e a defensa do acusado, sen que sexa de aplicación o presente protocolo.

#### Artigo 7. Protocolo de actuación

1. Nas fiscalías designaranse un ou varios fiscais, dotados dos medios humanos e materiais necesarios, para o seguimento e aplicación das presentes normas. En consecuencia, os ditos fiscais asumirán por si mesmos ou asegurarán de xeito coordinado e inmediato a comunicación cos letrados para os efectos deste protocolo, así como a negociación e, producido no seu caso o acordo de conformidade, a efectiva realización deste polos procedementos establecidos na lei. Todo iso sen prexuízo de que nos supostos en que a fiscalía o considere oportuno, os ditos acordos se poidan ou deban levar a cabo polo fiscal asignado para a causa concreta.
  2. Os colexios de avogados designarán un ou varios letrados coordinadores para o seguimento, aplicación e correcto desenvolvemento do presente protocolo; entendendo esta coordinación como medio para facilitar o labor da fiscalía en canto á localización de letrados defensores cos que a fiscalía queira contactar para unha posible conformidade na cualificación dos feitos obxecto de axuízamento, así como para facilitarlles aos letrados defensores a localización dos fiscais cos que contactar para unha posible conformidade.
  3. Unha vez chegado a un acordo de conformidade entre as partes, será a propia fiscalía a encargada de poñer en coñecemento do xulgado ou tribunal competente o acordo alcanzado, para os efectos de que se poida proceder ao sinalamento da vista oral de conformidade sen máis dilación, citando exclusivamente ás partes.
  4. Os letrados, previamente a solicitar a aplicación do presente protocolo, deberán informar o seu cliente, e contar co previo e inicial acordo deste para alcanzar unha conformidade.
  5. Para os supostos en que exista pluralidade de letrados defensores na mesma causa, todos eles deberán solicitar conxuntamente a cita coa fiscalía para os efectos de estudar a posible conformidade. E para o caso que sexa a fiscalía a que solicite a cita cos letrados, tamén deberá citarse a todos eles conxuntamente.
  6. Para os supostos en que existan letrados acusadores, estes tamén deberán estar presentes na cita e, de ser o caso, chegar ao acordo de conformidade conxuntamente co fiscal e o letrado, ou letrados, da defensa.
  7. Os acusados, unha vez chegado ao acordo de conformidade, deberán aceptar de forma expresa o devandito acordo.
- En proba de conformidade, as partes asinan por duplicado, no lugar e data indicados.



Entrevista

# Alberto Núñez Feijóo

Presidente da Xunta de Galicia

“ Temos aprobado xa o plan de infraestruturas xudiciais con 97 millóns de euros para o ciclo 2010-2015”

Con puntualidade británica, recíbenos no seu despacho do Parlamento de Galicia o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, nun ambiente de traballo efervescente, onde simultaneamente houbo tempo para nós, para despachar tarefas legislativas e ata para algunha outra executiva. Nun lado da mesa, un libro de Hermman Hesse do que non se alcanza a ler o título, cun marcador polo medio. E detrás nosa, retransmitíndose o debate parlamentario que neses intres se estaba a desenvolver.

A vostede peléxanlle a súa paternidade moitas provincias. Unhas por nacemento, outras por residencia, outras por formación, dende Ourense, Vigo, Santiago... De onde se sente?

Pois eu galego, coido que a miña partida de nacemento está suficientemente cumprida ao dicir que nacín en Galicia. Os límites administrativos son os que experimentei na miña vida persoal. Nacín a uns metros da provincia de Lugo, dentro da provincia de Ourense; no meu contorno, nos Peares, coinciden catro concellos e dúas provincias, iso acredita que os límites administrativos son artificiais. O importante é de onde é un, e un é galego, e se tivese que concretar: nacín en Ourense, fun á escola en Lugo, a cidade en que máis tempo vivín foi Santiago e a cidade que elixín para vivir cando retornei de Madrid foi Vigo.

Vostede provén do mundo do dereito. Excepto un, todos os presidentes da democracia española e outros moitos políticos proceden de facultades de dereito. Ao seu xuízo, será que o dereito dota dalgunha calidade especial para dedicarse á política?

Coido que o dereito é sentido común; para a xestión da cousa pública necesítase moito sentido común. O mundo da lei consiste en ordenar obrigas e dereitos. Xestionar a vida pública é tamén facer un equilibrio entre os dereitos e as obrigas. Por iso o dereito e a política teñen máis cousas en común que outras disciplinas académicas, aínda que é certo, por suposto, que hai excelentes políticos que non cursaron estudos de dereito, ou mesmo estudos universitarios.



**Vocación de funcionario, ou houbo algunha outra vocación como a de ter sido notario, rexistrador, xuíz...? Pensou algunha vez en ser avogado?**

Eu pensei en ser xuíz, porque daquela parecíame que os xuíces eran as persoas máis preparadas para posteriormente exercer a avogacía. Polo tanto, como non tiña antecedentes familiares na avogacía, comencei a preparar xudicaturas sabendo que a avogacía podería ser un destino e, de non aprobar, obtería unha notable preparación xurídica. O paro de meu pai esixiu comezar a traballar deseguido e presenteime ás primeiras oposicións que había, que eran as dos letrados da Consellería de Economía. Digamos que o mundo do dereito gustoume desde primeiro de carreira pero o azar quixo que non exercese a avogacía ou a xudicatura.

“ Coido que o dereito é sentido común; para a xestión da cousa pública necesítase moito sentido común.”

**Como político, como licenciado en dereito, funcionario e cidadán, que opinión lle merece a avogacía galega?**

Non dubido da utilidade dos avogados, resultan esenciais para calquera sociedade. Un letrado é o representante dos intereses lexítimos de cada parte, e pode facer un gran traballo social. Polo tanto, coido que a avogacía é un instrumento útil para solucionar os problemas de forma educada e civilizada.

**En que momento espertou o seu interese pola política e polo servizo público aos demais? Quizais xa na súa adolescencia?**

Si, na etapa da adolescencia xa prestaba atención a algúns políticos, á dialéctica política; logo interesáronme os debates que se retransmitían na televisión, estábamos a falar da transición, e de figuras políticas como Carrillo, Fraga, González, Suárez..., estamos falando pois dunha etapa moi intensa, que era o tránsito á democracia. Xa no ano 1991, cando estaba estudando dereito, produciuse o intento de golpe de estado de Tejero, o que provocou a suspensión das clases ás seis da tarde. Digamos que na carreira vivín a importancia da democracia. Iso e o meu interese pola dialéctica política guiaron a miña vocación política.

**Gobernar é sempre un reto. E gobernar en tempos de crise, que é? (Suspira).** Pois é un dobre reto, unha experiencia complexa. Intentar facer máis con menos é, digamos, a cuadratura do círculo político, pero lamentablemente un non elixe cando lle toca nacer, nin os acontecementos políticos que lle toca vivir, nin tampouco cando goberna, faino cando lle votan. É certo que estamos ante un dobre reto: manter os servizos sociais, e para iso temos que incrementar a súa eficiencia, e activar a economía produtiva, sen economía pro-

ductiva non hai servizos sociais, non hai sanidade nin educación, porque non hai recursos. É un dobre reto no que non só o presidente da Xunta senón Galicia se enfronta ao desafío máis difícil nos últimos 26 anos da nosa autonomía.

**Son tempos de crise como falabamos. Que cre que é máis importante, saber que se aproxima un período de crise ou descubrir o xeito de saír dela?**

Son absolutamente necesarias as dúas cousas, porque un non comeza a amañar o problema mentres non o ten diagnosticado. A complicación que tivemos é que España negou a existencia do problema e hoxe a crise económica lévalle un ano de vantaxe a España, e a Galicia obviamente. Polo tanto, o primeiro que fixemos foi trasladarlle á xente que temos unha profunda recesión económica. Os máis pesimistas din que a máis importante dende o 29 e, os menos, que é a máis profunda dende 1973, pero o certo é que temos enormes incrementos de desemprego, o dobre de paro que EEUU e que moitos países da UE, entre outros moitos indicadores. Hoxe coñecemos que a nosa economía baixa en competitividade con relación ao posto anterior e adicionalmente o que están dicindo todos os institutos independentes é que España será un dos últimos países da UE en saír da crise. Polo tanto, diagnóstico feito, non caben lamentacións, caben políticas activas de emprego, de activación do tecido produtivo e de incrementar a eficiencia nos servizos sociais.

**A austeridade e o aforro convertéronse, parece, nos protagonistas do seu proxecto político. Pode ser a porta de entrada a un novo estilo de presentar os políticos ante a sociedade?**

Hai que partir da base de que un político debe coller o mellor da sociedade da que participa, e hoxe as familias, os cidadáns e as empresas están a facer un exercicio: prescindir do superfluo e manter o imprescindible. Iso coido que é o que ten que facer un político. Cando o goberno de España lle di a Galicia que lle vai a diminuír os ingresos un 18% para o ano 2010, isto hai que transmitirlo á sociedade. E que fai o goberno?: facer un plan de austeridade de 144 millóns de euros. Rebaixar as nóminas dos altos cargos da administración supón un aforro de 40 millóns na lexislatura, 6.000 millóns menos das antigas pesetas. Iso significa que adelgazamos a administración, que reducimos os 55 delegados provinciais a 5, o que supón que teñamos a estrutura orgánica máis pequena dende que temos comunidade autónoma. Polo tanto, para tentar facer máis con menos chega o momento da necesidade de blindar os gastos dos ingresos públicos porque se non deteriorase a calidade. Estou a referirme á educación, á sanidade e aos servizos sociais.

**Algo sobre comunidades autónomas, presidente. Ata onde chega a capacidade de manobra dunha comunidade autónoma para moverse nos ondulados mares da crise económica? Non miran vostedes, os presidentes autonómicos, en exceso cara á Moncloa?**

## Entrevista

Non, o debate que temos os presidentes autonómicos é que somos parte do Estado e o goberno toma decisións sen falar cos presidentes autonómicos. Non hai un liderado nin unha lealdade. Falla un liderado con receitas concretas: que podemos facer estruturalmente na sanidade?, como se financia a lei de dependencia?, que podemos facer para mellorar o noso sistema educativo? Acaba de saír hoxe o dato de que segundo a OCDE perdemos calidade na educación. Polo tanto, non hai liderado. Pero non hai lealdade tampouco, porque se adoptan decisións unilaterais sen contar coas comunidades autónomas. Adóptanse decisións para financiar a venda de automóviles sen contar coas comunidades, que teñen que poñer o 50%; adóptanse decisións de aprobar liñas de dependencia descoñecendo que nós temos que financiar o 80%... Polo tanto, adóptanse decisións que pagan as comunidades autónomas pero nas que non se lles dá a oportunidade de participar.



**Hai uns dez anos o Foro de Pensamento do colexio de avogados compostelán levou a cabo unha mesa redonda acerca do futuro político-territorial de España. Titulouse “¿Hacia un Estado de Estados?”. Participaron o PSOE, PNV, BNG, PP e CIU, con Belloch e Beiras, entre outros. A conclusión daquela non estaba moi clara. O ministro de Xustiza, o Sr. Caamaño, fala de Estado federal. Cal é o punto no que cre que nos atopamos neste intre?**

O primeiro que temos é que poñernos de acordo nos conceptos: que é federal?, que é autonómico?, que diferenzas hai entre un e outro? Hai un punto coincidente: a enorme descentralización do Estado no sistema autonómico. Somos o país de Europa de maior descentralización tanto en servizos como na xestión do gasto, o Estado gasta menos do 50% de todas as administracións públicas españolas. Hai estados federais en que os seus territorios teñen menos competencias que as autonomías españolas. Dende logo, a autonomía en España acadou un importante desenvolvemento. É certo que ás veces temos problemas de interpretación de competencias, de invasión delas..., pero se me preguntan: no intre no que nos atopamos...? Pois lamentablemente prodúcese por vez primeira un feito na historia democrática, apróbase un estatuto de autonomía sen consenso das principais forzas políticas, o que produce un detonante no movemento dos propios cimentos das autonomías. O feito de que se rompese o pacto constitucional de que os estatutos das comunidades autónomas tiñan que estar presididos polo con-

senso dos grandes partidos é malo para as comunidades, é malo para o Estado, é malo para un estado autonómico. Estamos ante unha formulación de menor altura institucional, dun goberno que esquece dez millóns e medio de votantes do partido da oposición e que aproba un estatuto de Cataluña que leva xa tres anos no Tribunal Constitucional.

**Efectivamente, o Tribunal Constitucional non se pronunciou aínda sobre o Estatut. Dicimos os xuristas que a xustiza tardía non é xustiza. Ata onde é posible estirar a Constitución? Entende que queda marxe aínda para dilatala un pouco máis?**

Os estatutos teñen que ser para todos os cidadáns. Os estatutos non poden ser nacionalistas. Porque un estatuto nacionalista é o contrario a un estatuto de autonomía. Un estatuto de autonomía é a manifestación de que unha comunidade autónoma forma parte do Estado. Lamentablemente o Estatut está feito por partidos nacionalistas en Cataluña: ERC, o PSC, que é un partido nacionalista, e IC e CIU co visto e prace do Partido Socialista en España. Sen esquecer que destacados dirixentes do PSOE, que se manifestaron en contra do Estatut, están hoxe en postos institucionais ou fóra da política. Isto non é un bo antecedente.

**Responde ás futuras necesidades de Galicia acometer a reforma do estatuto galego? Para cando o proxecto?**

Nós imos preservar o feito de entender o Estado dende Galicia, ten que haber un modelo galego autonómico. Por que temos sempre que mirar o que ocorre fóra e non o que ocorre aquí? Por que non podemos ter un modelo autonómico centrado, constitucionalista coa mesma intensidade que autonomista? A nosa proposta é facer unha reforma constitucional do estatuto galego.

Acabamos de ver hoxe na sesión parlamentaria, como BNG e PP están de acordo e o PSOE está en contra. Non é unha cuestión de que o PP se convertese de súpeto en nacionalista, a cuestión é que cando cremos que o Estado non respecta o noso estatuto, levantomos tranquilamente a man. Pasou hoxe co tema de aprobar a posible presentación dun recurso de inconstitucionalidade se o goberno de España non respecta a competencia exclusiva que ten Galicia sobre a tutela das caixas de aforro galegas. Se nos obrigan a facer fusións con outras entidades financeiras sen a autorización da comunidade autónoma galega, entendemos que é unha flagrante contradición da propia autonomía. Pódense defender coa mesma intensidade os principios da nosa autonomía sen caer en principios nacionalistas que non axudan a construír, senón a dividir.

**O seu goberno non contemplou en exclusiva unha consellería de xustiza, consecuencia do adelgazamento ao que se viu sometida a Xunta, pero quizais a nosa singular dispersión xudicial a reclamase. Descarta que algún día exista organicamente esta consellería?**

O goberno pasou de trece consellerías, onde non había unha consellería de xustiza, a dez; suprimíronse pois nun 25%. Un plan de austeridade facíanos imposible o que existía, tiñámolo que reducir. Pero o importante non é que exista un conselleiro que se dedique soamente á xustiza ou que a comparta con outras responsabilidades. Nos primeiros 120 días solucionamos o pagamento dos avogados da quenda de oficio. Era lamentable que a xente prestase servizos gratuítos e que aínda por riba tivese que adiantar gastos e custos. Pagamos inmediatamente o que debíamos.

“ Nos primeiros 120 días solucionamos o pagamento dos avogados da quenda de oficio.”

**Que proxecto reserva para a organización xudicial de Galicia en relación cos seus medios persoais e materiais?**

Temos xa aprobado o plan de infraestruturas xudiciais con 97 millóns de euros (16.000 millóns de pesetas) para o ciclo 2010-2015. Está listo o mapa das infraestruturas xudiciais e do número de xulgados que necesitamos. E, en terceiro lugar, estamos a facer un plan de tecnoloxías da información para a xustiza. Somos conscientes de que a eficiencia só se dá cando hai ferramentas, pero cando non as hai... (Soa o teléfono de sobremesa. O presidente resístese a contestalo para non interromper a entrevista pero a súa insistencia é mostra da súa importancia, é a conselleira de Facenda.)

... O feito de que aínda haxa xulgados que non dispoñan de correo electrónico, nin aplicacións informáticas avanzadas e cruzadas similares ás do Sergas ou de Educación quere dicir que son prioritarias as tecnoloxías na xustiza e, sobre todo, as da información, non se poden pronunciar sentenzas nin autos sen información suficiente.

**Haberá un novo proxecto de policía autonómica ou o existente funciona razoablemente?**

Funciona razoablemente ben, pero o problema é que non se cumpre o número de efectivos que precisamos. O compromiso co goberno de España era de 500 efectivos e o goberno amortizou

prazas sen manter esa cifra. Estamos en pouco máis de 350. Temos minguada a policía autonómica, hai que volver ao medio milleiro. E unha vez superada a crise económica, volver a reformular a transferencia de Tráfico, pola especificidade das nosas estradas, co maior número de interseccións de todas as que en España se cruzan ao mesmo nivel, e porque temos o 50% dos núcleos de poboación do territorio –29.000 núcleos–. Esa singularidade ten que ter unha contraprestación no eido da DXT. Entendo que iso non supón nin romper a sistemática de información, nin os procedementos de sanción, nin a permeabilidade da información co resto das policía.


**Parece que asistimos a un empobrecemento da formación da xuventude, de libros e da didáctica. Como sabe, o informe da OCDE non contén resultados moi esperanzadores para España. Que plans ten a Xunta para reforzar a formación da nosa mocidade na educación preuniversitaria e universitaria?**

A educación é a base clara para solucionar a medio prazo a cuestión da crise. O cambio do modelo produtivo e a competitividade son cuestións claves para saír da crise. O que estamos facendo é apoiar as primeiras decisións en materia de formación profesional. Acabamos de incrementar as prazas de FP nun 8%. Temos que manter a calidade do sistema educativo e recuperar os valores da educación. Non é antigo para nada dicir que un profesor ten que ter autoridade na clase, o que o Sr. Obama onte formulaba. Non é antigo dicir que non é posible aprobar sen estudar, nin razoable pasar de curso cando se suspende.

“ Pretendo que o galego sexa máis querido, máis apoiado e máis valorado ao final da lexislatura que cando a iniciamos.”

**A lingua vai ser un problema ou pode ser a solución?**

A lingua lamentablemente converteuse na anterior lexislatura nun problema, porque se rachou cunha normativa que buscaba un equilibrio. A nova normativa buscou determinadamente romper ese equilibrio e introducimos nun monolingüismo. Cando o Consello Consultivo advirte de que este decreto non mantiña a cooficialidade das linguas e cando ese decreto produce un movemento na rúa, é cando temos que solucionar ese conflito. O galego non se





## Entrevista

impón, promóvese, incentívase... O que pretendo é que o galego sexa máis querido, máis apoiado e máis valorado ao final da lexislatura que cando a iniciamos.

### Os avogados composteláns poderemos viaxar no AVE ás nosas vistas na capital de España no ano 2015?

Nunca concretamos tanto como nos últimos días. 4.700 millóns de euros é a cifra que necesitamos para facer o AVE, e ten que estar licitada e adjudicada entre xuño de 2009 e decembro de 2010. Ese é o tema, estamos no bo camiño da alta velocidade: comprometer gastos e prazos. Se temos prazos e orzamento, agora o que hai que facer é cumprilos. No ano 2012 ten que estar funcionando o tren interior do AVE A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, e logo ir achegándonos á meseta.

“Gustaríame que o 2010 fose para Galicia e para Compostela o mesmo que foi 1992 para Barcelona.”

### Xacobeo 2010 á vista. Adiántenos vostede algo.

Gustaríame que o 2010 fose para Galicia e para Compostela o mesmo que foi 1992 para Barcelona. Que houbese un antes e un despois deste ano. Temos que utilizar este Xacobeo para consolidar e conseguir que os que veñan repitan; para afianzar Galicia como un destino turístico prioritario. Xa temos datos de que no ano 2009 o turismo baixa en España e en Galicia se mantén. É un bo indicador da atracción polo Camiño. O Camiño é un feito diferencial mundial que hai en Galicia. Vai estar presente nas tecnoloxías, onde ten 600 millóns de entradas nos buscadores de internet. Iso faiche saber que hai 600 millóns de potenciais camiñantes. Hai que atopar un camiño tecnolóxico e recuperar ao tempo a espiritualidade da senda. O Camiño é a grande oportunidade.

### É capaz de aventurar de que será capaz Santiago de Compostela nun futuro? Algún día Compostela será no mundo o que hoxe é Roma ou Xerusalén?

Compostela ten todos os ingredientes para ser unha grande urbe europea: ten historia, patrimonio, situación xeográfica... O que sexa Santiago dependerá de todos, pero é certo que poucas cidades en España teñen tantos condimentos para ser o prato preferido de europeos e visitantes doutros continentes. Nós fixemos en Compostela unha cuestión moi clara, que era unila radialmente co resto de Galicia para vertebrala coas outras provincias. Compostela ten que ser intelixente para buscar a coordinación dos aeroportos e non enfrontalos e, por último, xestionar os seus intereses coa Xunta de Galicia.

### Pode dicirnos un sentimento daquel momento en que exerceu a responsabilidade de ser delegado rexio na ofrenda ao apóstolo?

Foi unha honra dificilmente igualable. Vin a Compostela con 17 anos procedente dunha aldea ourensá. 30 anos despois entrei como delegado rexio na catedral. Son un peregrino da Galicia interior que tivo esa honra. Estar na catedral e poder facer a ofrenda ao apóstolo no nome da Casa Real é unha experiencia política persoal que marca o sentimento e a pertenza para sempre dun a Compostela.

### O equipo de baloncesto Obradoiro Xacobeo-Blu Sens 2010 xa está na ACB. A tenacidade duns e o bo facer seguramente do seu equipo de avogados tiveron a súa recompensa. Que lle parece?

Iso é para o que vale o dereito. O dereito vale para defender as causas xustas. Cando un equipo non debe baixar da ACB, o dereito vale para repoñer as resolucións inxustas. Coido que un avogado ten que ser unha persoa cunha característica fundamental: a perseveranza. Ao final a lei triunfa. Neste caso, eses avogados conseguiron un éxito para a cidade.

Tamén é certo que a Xunta de Galicia se decatou, nun momento difícil da crise económica, desta oportunidade e de que non podíamos deixar de ter un equipo único na ACB

### Vaise facer socio?

(Ri) A verdade é que a esa pregunta é normal contestar que si, pero socio ou non, o que teño claro é que como presidente da Xunta sintome orgulloso de que o Obradoiro Xacobeo xunto con outro patrocinador estea xogando na ACB.

### Din que vostede se atopa moi preocupado por non desatender hábitos de cidadán corrente que o poidan afastar da sociedade. É que teme padecer a síndrome de Monte Pío, como outros padeceron a da Moncloa?

Esa síndrome chega a existir. Se chegas a crer a realidade que ocorre na residencia oficial dun presidente, posiblemente esa síndrome ha contar con moitas posibilidades de éxito. Por iso eu estou moi pouco en Monte Pío, a Monte Pío soamente vou durmir.

### Mañá, día 10 de setembro, cumpre anos. Cal sería o seu mellor regalo de aniversario?

Xa o tiveren. O día 10 agradeceréi o que pasou no mes de marzo deste ano. Este aniversario é para dar as grazas e estar á altura das circunstancias dos votos que recibín da xente. Sabendo que teño que estar á altura dunha extraordinaria circunstancia económica e social que está a vivir o pobo de Galicia.

### E agora díganos, que lle gustaría que lle regalasen no seu aniversario? Algo lle fará falta...

(Sorrí de novo) Creo que non necesito nada. Supoño que quizais me regalen roupa.



## ESTRITAMENTE PERSOAL

**Mar ou montaña?**

Os que nacemos no interior sempre queremos o mar, o outro xa o temos.

**Fútbol ou baloncesto?**

Xoguei ao baloncesto, coido que é un deporte máis completo que o fútbol.

**Para vivir, campo ou cidade?**

Gústame vivir no campo. Nos primeiros 17 anos vivín nunha aldea. Gustaríame vivir no campo, pero neste momento é imposible.

**Bolígrafo ou estilográfica?**

Bolígrafo.

**Vostede foi de apuntamentos ou de libros?**

Das dúas cousas. Había o Castán de dereito civil, aínda que estudei máis co Albadejo que co Díez Picazo. O Uría en Mercantil e por suposto o Álvaro D'Ors en romano. Mesturei os manuais cos apuntamentos.

**Na súa época estudantil, estudou de día ou foi noctámbulo do estudo?**

De noite. Totalmente. Noctámbulo do estudo ata que rompía o día. Ata as seis ou as sete da mañá e a partir de aí durmía ata as tres da tarde e logo ía á facultade.

**Que materia da licenciatura en Dereito lle gustaba especialmente?**

O dereito administrativo.

**E cal non lle chegou xamais a entusiasmar?**

Dereito procesual.

**Unha cidade do mundo que o impresionase...**

Sen dúbida hai moitas. (Insistímoslle para que elixa unha)

É moi difícil elixir unha cidade, son tantas as que impresionan. Pero hai algunha como Salvador de Baía, unha cidade que mira ao mar, Marrakech, ao pé do Atlas, ou Florencia, esplendor da arte, Venecia... En España hai cidades como Zamora, que teñen un románico impresionante. En Galicia temos un cabo que se mete no mar como é A Coruña, unha ría impresionante como a de Vigo, e temos unhas cidades moi equilibradas como Ourense e Lugo, que ten unha muralla inigualable. E que lles vou dicir de Santiago...

**Se tivese a oportunidade de compartir mesa e mantel cun personaxe histórico, a quen elixiría?**

É difícil elixir un. Como escritor, a García Márquez. Como político en vida, aínda que non é posible, Adolfo Suárez, e como político que xa non está, Winston Churchill.

**Dámoslle as grazas e despídese de nós cun "obrigadísimo".**



Javier Sánchez-Agustino Mariño

Colexiado 1314 do ICA Santiago



José Ramón Oulego Erroz

Colexiado 1963 do ICA Santiago

## Entrevista



**SOLEDAD SÁNCHEZ SILVA**, recíbenos no seu despacho como a primeira decana do Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela, onde toma o relevo de José Paz Montero para coordinar a actividade dun cento de procuradores e procuradoras. Dende Avogacía Compostelá queremos desexarlle un proveitoso mandato no exercicio da nova responsabilidade.



**ILUSTRE COLEXIO  
DE PROCURADORES  
DE SANTIAGO**

En primeiro lugar, gustaríanos darlle o parabén polo seu nomeamento como decana do Colexio de Procuradores de Santiago, e preguntámonos cales foron as motivacións que a fixeron decantarse polo mundo da procuradoría.

Pois casualidades da vida. Casei, interrompín os meus estudos de dereito e entroume a ansia de empezar a traballar. Estaba en cuarto de carreira, creo lembrar, e meu pai que era oficial de xustiza comentoume que había unha saída como procuradora nas cidades como Santiago que non eran capitais de provincia, xa que até o ano 82 permitíase acceder á procuradoría cun exame e unha pasantía de dous anos. Así que compatibilicei os meus estudos de cuarto con esa saída como algo moi temporal até acabar a carreira, e diso pasaron 30 anos e sigo aquí.

**E eses inicios, como transcurren? Como se abre paso na profesión?**

O inicio na profesión é moi pouquiño a pouco. Colexieime no ano 1981, pero até o 1986-87 non empezas a ver que é un traballo do que realmente poidas vivir. Sobre todo os procuradores, que daquela tiñamos moita carga económica en cada preito, e tiñamos que sacar moitas veces do propio diñeiro para cubrir gastos. Por exemplo, naquel momento o procurador asumía o custo dos peritos, sen se cadra ter fondos cubertos con provisión dos clientes. Polo demais é coma todo, pouquiño a pouco vas traballando, vante coñecendo...

**Dende aqueles inicios até o día de hoxe, cambiou moito a súa profesión?**

A profesión en si pois non. O que cambiou un pouco é a proxección que o Estado lle deu á marcha do xulgado coas distintas reformas lexislativas. Eu sempre fun partidaria de que o noso labor non fose o dun "corre vai e dille", senón o dun actor activo no curso do proceso, e a estes niveis non cambiou. Así e todo, o procurador ten que loitar por ter as funcións que ten e moitas máis.

O impulso e o traballo interno que ten que ter un procurador, a seriedade e o consello sobre como levar un tema nun xulgado determinado, iso non cambiou; tes que estar actualizada conforme a lei que hai que aplicar en cada momento, iso cambia pero o que é o traballo non.

**E con relación a estes cambios lexislativos que está comentando, cal é a súa valoración do funcionamento da xa non tan nova LAC? Axilízanse tanto como se pretendían os trámites procesuais?**

Fíxose unha cousa moi importante, que é a unificación de procesos, pero a presenza do xuíz tamén a esixía a lei anterior. Eu vivín a época en que unha serie de xuíces novos que accederon á carreira tentaban presenciar toda a proba antes da LAC actual. Dende ese punto de vista é moi importante que o xuíz estea presente e vexa as manifestacións das partes, as testemuñas, a súa credibilidade. Antes



da LAC isto non sucedía porque o proceso era principalmente escrito con preguntas, e máis preguntas...

**Doutro lado, e con respecto á decisión de presentarse ao cargo de decana, cales foron as súas motivacións?**

A motivación fundamental foi o noso colexio. Trátase dun colexio moi activo na colaboración das necesidades que o procurador ten todos os días no desenvolvemento da súa función. Hai un despregue moi grande de medios. O procurador fai moito do seu traballo dende o xulgado pero non pode levar o xulgado á súa oficina. Hoxe contamos xa cun sistema telemático e, de feito, Santiago de Compostela e A Coruña son pioneiros no manexo da plataforma Lexnet.

Pois ben, no momento en que se soubo que o meu predecesor, José Paz, non quería seguir, tras uns 14 ou 16 anos en total á fronte do colexio, con períodos interrompidos e tras deixar a pel nun intento de que o colexio funcionase, que a nosa profesión tivese unha valoración, que non fose descoñecido o labor do procurador, sentínome realmente obrigada cara ao colexio e cara aos compañeiros. O colexio axudoume moito en moitas funcións, fai un servizo de “Seur” que evita que teñas que estar todo o día da Ceca á Meca. Doutrou lado, eu xa estivera tamén na xunta de goberno, e era un momento en que podía dedicarlle ese tempo que o colexio require. Ao mellor non o podes facer tan ben como ás veces desexarías, pero a miña vontade era facer o mellor e que o colexio seguise funcionando ben e que servise para iso, para sentir que che axuda a exercer a túa profesión. Á parte de que me animaron a presentarme ao cargo.

**E cales son os retos que ten agora por diante o Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela?**

Pois recentemente soubemos do proxecto de construción dun novo edificio xudicial. Eu vivín como membro da xunta de goberno a construción deste edificio no que agora estamos como un proxecto inamovible que veu de Madrid, dende o Ministerio de Xustiza, e non se podía cambiar un ápice, a pesar de que os usuarios, os decanos de xuíces, procuradores e avogados intentaban darlle unha estrutura distinta en función das necesidades que podía representar un pazo de xustiza. Díxose que o edificio valería para uns vinte e tantos anos, pero ofertouse máis do que finalmente se entregou. Outro reto que temos tanto os procuradores como avogados é a consecución do xulgado do mercantil, non cesamos nese tema, e non polas necesidades da zona da Coruña, senón que eu creo que Santiago como capital, igual que se fixo en Elxe, merece unha sección do mercantil.

**Que opina do funcionamento da Administración de Xustiza? Que defectos atopa e que cuestións considera mellorables?**

Faltan moitísimos medios. Veño detectando un gran problema, que é a suspensión de xuízos por falta de citacións en moitos procede-

mentos. Non ás partes, porque normalmente as partes ou están en rebeldía ou teñen unha representación, entón aí, con profesionais por medio soluciónanse de moitas maneiras. Porén, cando o xulgado ten que citar hai descoordinación, son moitas mans enriba. Calquera empresa, se aumenta o volume de traballo, contrata persoal. O que non pode ser é que un tema se pare pola ausencia dun funcionario.



**Que valoración fai do funcionamento de Lexnet?**

Está en proceso de avaliación. Estase organizando dende a Secretaría Xeral do Tribunal Superior de Xustiza e a Dirección Xeral de Xustiza, pero quen lle vai dar valor a esas notificacións é un xuíz que non está nese protocolo, e estamos tendo problemas moi puntuais referidos a cando se entende notificada unha resolución entregada a través de Lexnet.

Co contencioso de Santiago, Ordes e Padrón estamos traballando só con Lexnet, coa carencia de que, para os documentos adxuntos, como non existen aínda os medios necesarios para anexar uns documentos coa notificación, tense que facer pola dobre vía, ou sexa, que estamos traballando o dobre.

Levamos neste momento catro meses de funcionamento, coa vacante de agosto, e a axilidade que se lle estaba anunciando a Lexnet de que ía mellorar o funcionamento dos xulgados non se está vendo.

**Entón, cales son os maiores problemas que presenta?**

Lexnet é un ente escuro, que non ten nin ollos nin corazón. É unha empresa que está en non sabemos onde, pero que de súpeto e sen consultalo, como hoxe mesmo, fai un parón do mediodía ás cinco da tarde no que non podes traballar con esta plataforma. Un parón que nunha empresa privada se faría un domingo, ou aquí un día sen notificacións.

## Entrevista



Así mesmo, presenta problemas de recoñecemento dos servidores, que son temas que saen fóra da nosa competencia, porque eu podo traballar dez horas sobre un papel se necesito facelo, pero o que non podo é perder tanto tempo só para chegar a recoller unha notificación que me envían por correo electrónico. Pero é que os xulgados tamén se queixan, non só os operadores externos senón tamén os operadores internos, aos que tampouco lles dá seguranza ese xeito de notificación. Penso que intentan meter un Rolls Royce dentro dun Seiscentos.

Porén, esta plataforma funciona moi ben noutros ámbitos, coma a banca ou Facenda, porque ten moito investimento, pero aquí como vas pedirles que escaneen se non teñen escáner e moitos dos programas dos computadores non aceptan Lexnet.

Estamos aí e haberá que intentalo. Eu sempre dixen que o colexio poría todos os medios para que funcione, pero é algo que lles está custando moitos cartos aos meus compañeiros pois non hai ningunha axuda para a súa implementación.

### **E cambiando de terzo, como lle afectan as últimas reformas legislativas ao futuro da profesión?**

Temos aí a Unión Europea que estableceu unha serie de disposicións que afectan a moitas profesións. O letrado é o letrado e o procurador é o procurador. Se ti, parte interesada, queres darlle impulso ao procedemento, ou faino o avogado e un equipo que ten arredor ou faino o avogado e o procurador, que é o que se está facendo. Encarecer o preito, non o encarece, pois hai estudos dende o Consello que demostran que non resulta máis caro cando o fai o procurador que cando o avogado representa.

O que si pido é que se nos dea o que se nos prometeu na lei, que se nos dea facultade de fe pública para os efectos de citar a un de-

mandado, por exemplo, nun desafiuzamento, e non tardar un ano. Esa facultade axilizaría moito, estámolo pedindo e aí teríamos unha función de impulso sen entrar en competencia cos avogados.

### **Como valora a relación entre procuradores e avogados?**

En xeral, como corpos, non hai unha boa relación. Porén, no día a día as relacións persoais ves que son boas e acaba habendo un trato case familiar entre avogado e procurador, e queres ese procurador porque te entende, porque dicíndolle algo xa sabe o que queres facer. Cando un avogado ten un traballo importante, colabora con distintos profesionais para sacar o traballo adiante e, como dicía un compañeiro meu, os avogados bos non teñen que ir ao xulgado, no sentido de ir a mover o seu preito, teñen cousas máis importantes que facer que ir pedirlle a un oficial: oe, móveme isto.

### **E a súa opinión sobre a avogacía de Santiago?**

Creo que é de moi alta calidade en xeral, aínda que loxicamente non coñezo todos os despachos. Pero pasa como en todos os corpos, que non protestamos demasiado ante a falta de axilidade da xustiza, porque corres o risco de que quen te vai xulgar te vaia ollar mal mañá. Ás veces estás “coaccionado” porque non tes só un cliente, e por defender un podes estar prexudicando os demais. É un tirapuxa que non sabes como sacalo adiante.

### **Con todo este panorama que nos está contando, que consellos lle daría a quen empeza?**

Estamos nun momento crucial dado o panorama económico, e hai un aumento da litixiosidade. De todos os xeitos, considero que o mellor consello é empezar pouco a pouco. Podes empezar traballando ben e tendo ou non clientes, pero se empezas traba-



llando mal, o pouquiño que teñas valo tirar pola borda, é como calquera profesión.

Ademais de ter unha titulación tes que ter a suficiente responsabilidade. Eu non che digo que te matricules na Escola de Práctica Xurídica, aínda que creo que hoxe é unha saída moi boa, eu empecei e tiña a sorte de que estaba detrás meu pai, fixen prácticas, pero esa xente que se colexia para dicir: pois eu xa me meto a traballar, tanto de avogado como de procurador...

É certo que todo está nos libros, tes á túa disposición moita información que antes non tiñas nun computador, pero a práctica do dereito, a aplicación do dereito, é máis que catro leis ou formularios aos que hoxe todo o mundo pode acceder. Entón para min, iso, ter ti a conciencia de que te estás formado para o reto que te marcas, para a túa profesión.

**Falando de retos, é a primeira muller decana dos procuradores de Santiago. Como se leva a conciliación entre vida laboral e familiar?**

É moi complicado. O Estado ten que favorecer a familia pero, ¿como favoreces ti que unha muller poida estar máis tempo na súa casa e ao mesmo tempo ser unha profesional de elite?, sexa unha empregada ou sexa unha profesión liberal.

A incorporación da muller ao traballo mudou a situación da familia que eu coñecín na miña infancia. Teño dous fillos, ¿e como compatibilizas iso? Pois ao mellor, ao médico tiña que levalo outra persoa. Non podes suspender un xuízo porque o teu fillo se estea operando de gorxa, eu vivino. Hoxe temos moita sorte no noso colectivo porque a lei permite a substitución, pero cando eu empecei non había esa figura. En resumo, entendo que o Plan Concilia queda moi ben pero levalo á práctica é complicado.

**Moitas grazas.**



Noemí Peteiro Pereda  
Colexiada 1959 do ICA Santiago



Xavier Constenla Vega  
Colexiado 1876 do ICA Santiago



## Proxecto de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela: análise dos 100 primeiros días de funcionamento

### I. ORIXE

O actual proxecto é froito de arduas negociacións coa Administración autonómica e cos diversos colexios profesionais implicados, ademais da participación de varios fiscais desta cidade (inicialmente Pilar Fernández e Aránzazu Sanjosé) e do abaixo asinante nos anos 2005 e 2006 tras a asistencia a varios cursos especializados na materia de ámbito estatal e autonómico. A motivación estivo na ausencia da mínima aplicación práctica da mediación no ámbito familiar en Galicia, fronte ao progresivo uso de tal método alternativo noutras comunidades autónomas tanto a nivel extraxudicial como intraxudicial, incluso fronte a comunidades con normativas posteriores á galega e mesmo sen regulación específica ningunha.

En tal data púidose constatar a práctica falta de aplicación en Galicia (5 solicitudes de mediación gratuítas en 2005, 3 no ano 2006 e un total de 20 presentadas e tan só 10 tramitadas no ano 2007, segundo datos de Mediagal) coa verificación simultánea do éxito incipiente de experiencias de mediación intraxudicial noutras autonomías cando xa entón seis xulgados de familia en todo o Estado estaban adscritos ao Proxecto de mediación iniciado no seo do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O resultado de tales actuacións é o proxecto inicialmente deseñado no protocolo aprobado por acordo sectorial da Xunta de Xuíces de Santiago de Compostela do día 12-03-2008 e finalmente descrito e regulamentado no convenio asinado pola entón Consellería de Vicepresidencia da Xunta De Galicia, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, o Colexio de Psicoloxía de Galicia e a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cuxas disposicións se poden consultar nas respectivas ligazóns das páxinas web desas entidades, cinguíndose este artigo, por pedimento do consello de redacción desta revista, á valoración e análise detalladas -mais expostas de maneira esquematizada para facilitar a súa lectura- das principais conclusións acadadas tras os primeiros meses de vixencia do proxecto.

### II. OS INICIOS

Comeza a súa actuación o día 10 de marzo de 2009, tras finalizar o proceso de selección de mediadores nos respectivos

colexios. Integran o equipo un psicólogo (D. Juan Daponte) e unha letrada (D.<sup>a</sup> Olga Faílde), ambos de dilatada experiencia e recoñecido prestixio. Dende o inicio puxéronse en práctica axendas virtuais compartidas e reunións semanais e púxose en marcha un labor de difusión progresiva mediante dípticos, carteis informativos, publicación nas respectivas webs dos dous colexios profesionais e na propia da entón Consellería de Vicepresidencia.

As sesións informativas iniciais comezaron na sede xudicial (na mesma planta do Xulgado de Primeira Instancia n.º 6) e as sesións de mediación nun local alugado a escasa distancia do edificio xudicial. Todo iso coa necesaria amplitude e flexibilidade do horario de mediadores (martes e venres de 8.00 a 15.00 h). Así mesmo, confeccionáronse modelos e formularios de comunicación entre o xulgado e o equipo de mediación e de control estatístico e xeneralizouse o uso de enquisas sobre satisfacción da cidadanía.

### III. VALORACIÓN DA EXPERIENCIA AOS 100 DÍAS

- 1.º **Progresiva mais aínda insuficiente difusión do proxecto** tanto entre profesionais como sobre todo entre a cidadanía. A pesar da realización de dípticos, carteis, ligazóns en webs, etc., resulta evidente aínda a necesidade de realizar máis actividades formativas e divulgativas (cursos, publicidade institucional, artigos, etc.).
- 2.º **Perfecta coordinación e comunicación entre o equipo de mediación e o xulgado** lograda a través de diversos medios:
  - Axenda virtual compartida
  - Uso de fichas e modelos protocolizados para a remisión de comunicacións e información, en concreto:
    - Ficha de derivación a sesións informativas iniciais presenciais (SIP)
    - Ficha de derivación a sesións de mediación unha vez aceptada
    - Ficha de comunicación do resultado
    - Enquisa anónima de satisfacción da cidadanía
  - Reunións semanais
  - Comisións de seguimento trimestrais (do equipo e do xulgado coa consellería, cos colexios profesionais e coa fiscalía de área)



Equipo de mediación: Olga Faílde (avogada), Juan Daponte (psicólogo)

### 3.º Resultados plausibles en plano cuantitativo: máis de 19 asuntos mediados en 100 días

O que supón unha cifra equivalente ao 100% dos asuntos de Mediagal en 2008 en toda Galicia (19 solicitudes e 10 mediacións aceptadas), nun só xulgado e nun partido cunha poboación apenas superior ao 5% de toda Galicia. De manterse o ritmo, a finais de ano acadarase un número de mediacións equivalente ao total das realizadas en Galicia dende 2003 a 2008.

### 4.º Resultados en plano cualitativo

#### a) 100% de asistencia ás sesións informativas iniciais presenciais

Dato este inaudito, fronte ao 40% de falta de asistencia nos proxectos de Navarra, Barcelona ou Madrid tras máis de tres anos de vixencia e experiencia práctica, que en todo caso acredita unha progresiva aceptación do sistema (datos ofrecidos no simposio de xuño de 2009 de GEMME - Grupo Europeo de Maxistrados pola Mediación- do que son coordinador territorial para Galicia dende o pasado ano 2008). Merece particular valoración o logro de tales cifras maila a escrupulosa voluntariedade da asistencia a SIP reiterada na resolución xudicial de derivación e que, ademais, en ningún caso se fixo uso até a data da facultade do artigo 158 do CC prevista no Protocolo xudicial para esixir a asistencia como medida de protección de menores. De feito, tan só houbo dúas suspensións por motivos de enfermidade (do profesional ou do cidadán).

Tal éxito é froito da colaboración activa dos profesionais implicados (en especial os letrados), do prestixio de mediadores e, en menor medida, da “perseveranza” do xuíz.

#### b) Preto do 60% de aceptación da tramitación da mediación nas SIP

Dato este sorprendente por elevado dada a curta vixencia do proxecto pois resulta moi superior ás cifras que presentan outros proxectos máis lonxevos, tanto no ámbito estatal -en Madrid é do 29% e no País Vasco, Barcelona, etc., os datos son similares aos de Madrid- como inclusive no europeo (datos de Holanda, Francia, etc., ofrecidos no curso do simposio de GEMME de xuño de 2009).

#### c) Logro dunha porcentaxe notable (entre 50 e 60%) de acordos nos asuntos mediados

Acordos tanto totais como parciais, acadados directamente no seu seo ou no posterior proceso; cifras estas igualmente moi superiores ás obtidas noutros proxectos piloto.

#### d) Duración da mediación non superior a un mes como media

Non se produciu até a data ningunha suspensión de proceso (non fixo falta reiterar o compromiso xudicial de continuar de maneira preferente co sinalamento, mesmo co compromiso persoal de facelo ademais en 15 días). A duración media foi de 3 a 5 sesións e acadouse cunha ampla flexibilidade en horarios. O persoal mediador adaptouse ás necesidades e cargas laborais e familiares da cidadanía dentro do horario máximo previsto (martes e venres de 8.00 a 15.00 h).

#### e) Extraordinaria acollida entre as persoas usuarias do servizo tal e como revelan as súas enquisas anónimas, que reiteran e valoran o servizo por:

## Colaboración

- A posibilidade de expresar os seus puntos de vista (os seus auténticos intereses, necesidades e preocupacións, non tan só as posicións nin os seus estritos dereitos e deberes) e superar a tradución xurídica do problema familiar previamente encomendada aos seus letrados, que é levada ao proceso e por iso único obxecto de resolución xurisdiccional tan eventualmente perfecta e impecable a nivel técnico-xurídico como moitas veces insatisfactoria a nivel persoal e humano dende a perspectiva dos e das cidadás.
- A neutralidade dos mediadores e o trato destes con respecto ás persoas usuarias do servizo; a explicación do proxecto e a dispoñibilidade dos mediadores.
- A axuda que supón para unha mellor comprensión da posición da contraparte.
- A apertura dunha canle de comunicación entre partes que posibilita lograr acordos ou polo menos diminuír os efectos inherentes a un proceso de familia e, en particular, a intensidade emocional propia de tal problemática e mesmo evitar ou axudar a liquidar futuras controversias (deuteroaprendizaxe).
- É considerada beneficiosa aínda que non se chegue a acordos segundo o 88,88% das persoas enquisadas.

### 5.º Primeiras conclusións

- a) Advírtese unha escasa aceptación cando se trata dun único tema e sobre todo se é exclusivamente económico.
  - Motivos posibles: unha confianza (talvez excesiva) na decisión xudicial ou na estabilidade / uniformidade dos criterios xudiciais, ou ben unha confianza (inxustificada) na eficacia da investigación patrimonial oficial.
  - Pode ser errónea tal opción pola discrecionalidade xudicial inherente a esta materia inevitable pola profusión de conceptos xurídicos indeterminados (“*interese do menor, o interese máis necesitado de protección, ...*”) a pesar da existencia dun só xulgado de familia e unha soa sección da audiencia provincial e polas obvias limitacións dos medios de investigación xudicial patrimonial.
- b) Constátanse as enormes dificultades de aceptación cando unha parte cimta a súa posición en resultado de exploración xudicial de menores.
 

Motivado pola crenza pechada de cada parte de ofrecer cada un a solución máis satisfactoria para o “interese do menor”. Supón sobrevalorar esa dilixencia xudicial e obvia os efectos perniciosos que esta pode ter para o menor (instrumentalización do menor), ademais de actualizar o problema de inclusión de menores no proceso de mediación. Este dato pode ser froito ademais da confusión de tal sistema con outros métodos (non é tratamento psicolóxico, non é apoio terapéutico á familia, nin é unha proba psicolóxica).

### 6.º Dúbidas sobre o seu ámbito de aplicación

#### a) Ámbito obxectivo en xeral

Admítese en todos os casos de familia. Tamén na relación de avós-netos (artigo 160 CC) sobre idoneidade de titores-curadores (artigo 241 e seguintes CC), acollemento e adopcións, liquidación da sociedade de gananciais, etc.

Con exclusión inicial dos supostos de:

- Adicción a substancias
- Enfermidades mentais ou discapacidade cognitiva
- Grave desequilibrio de poder non reparable por mediadores
- Constatación inicial por parte dos mediadores de ausencia de boa fe nas partes
- Non aceptación de confidencialidade ou outros requisitos por parte das partes

- b) A problemática nos supostos de violencia sobre a muller
 

No actual marco normativo é obvio que non cabe aínda, o que pode resultar paradoxal xa que en cambio si cabe a ulterior adecuación do proceso de familia aos trámites de mutuo acordo que supón un convenio e presupón unha negociación, presumindo a capacidade e igualdade de ambas as partes para ese efecto.

A solución pasa por unha reforma legal que diferencie supostos ou gradúe os casos de violencia (simples inxurias ou ameazas non reiteradas...) e permita mediación en casos en que a priori non se constate a desigualdade efectiva entre as partes. Tal reforma posibilitaríalle ademais á muller-vítima tomar as súas propias decisións e reasumir as súas responsabilidades e sería acaída coa recomendación número 98 do Consello de Europa sobre a mediación familiar, que non a exclúe, pois dispón no seu artigo 3.9 que “o mediador porá especial atención en saber se houbo violencia entre as partes ou se pode producirse, así como os efectos que esta poida ter sobre a negociación, e examinar se baixo estas circunstancias é apropiado o proceso de mediación”.

**Ámbito territorial:** Partido xudicial de Santiago de Compostela

**Ámbito funcional:** Practícase en primeira instancia: procesos declarativos e de execución de títulos xudiciais (di-







neraria e non dineraria) e inclusive procedementos de xurisdición voluntaria (artigo 156 CC etc.), mais non aínda en segunda instancia, pola falta de adscripción da Sección 6.<sup>a</sup> da Audiencia Provincial da Coruña, polo de agora, ao sistema.

Até o de agora o 90% dos asuntos foi derivado polo Xulgado de Primeira Instancia n.º 6 (todos de oficio por este maxistrado) e

un 10% foi derivado polo Xulgado de Primeira

Instancia n.º 1, en ambos os casos por instancia das partes.

#### 7.º A cuestión da posible obrigatoriedade da asistencia ás SIP

Non se presentou o problema até o de agora dado o grao máximo de aceptación da derivación. No Protocolo unicamente se prevé a derivación obrigatoria, ao amparo do artigo 158 CC, para o caso de menores cando se considere medida de protección para eles (equiparable á solución dada pola actual lei de mediación de Cataluña de 2009).

Postúlanse na doutrina e na práctica xurisdiccional outras “sancións” eventuais para a non asistencia, algunha de difícil articulación e outras de escasa solvencia dada a ausencia de cobertura legal específica de tal “carga procesual”, do xeito seguinte:

- A través do expediente das custas procesuais do artigo 394 LAC (cuestión que resulta difícil en procesos de familia).
- Interpretando a non asistencia como consentimento tácito (no caso de Navarra en execución de sentenza e para os casos de fixación de calendario de vacacións, determinación de actividades extraescolares, gastos extraordinarios, etc., a través da mediación nos puntos de encontro familiar (PEF); solución práctica e eficaz pero carente de respaldo legal específico.
- Valorando a non asistencia como indicio contrario á instauración do sistema de garda e custodia compartida (artigo 92 CC); a solución que impón esixe pola súa transcendencia unha interpretación escrupulosamente casuística (atendendo a cada familia concreta e aos motivos específicos da non asistencia).

#### 8.º Alcance da confidencialidade

A súa xustificación xeral é que constitúe a mellor garantía de sinceridade e transparencia de posicións e sobre todo da explicitación das partes ante os mediadores dos seus

verdadeiros intereses e necesidades.

Prevense como excepcións as seguintes:

- No Protocolo: casos de violencia sobre a muller e advertencia de ameaza constitutiva de delito perseguible de oficio.
- No Convenio: ademais dos anteriores, a advertencia de ameaza constitutiva de delito perseguible de oficio ou por instancia de parte.
- Na Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio: ademais da noticia de delito (perseguido de oficio) prevé a necesidade de acudir ao mediador ou mediadora na fase de interpretación do acordo en sede da súa execución (suposto que esixe unha interpretación restritiva para evitar fraudes e dinamitar a confidencialidade).

**Eficacia procesual de tal esixencia de confidencialidade (artigos 281 a 283 e 247 LAC).** Para os efectos procesuais, a confidencialidade supón o seguinte:

- A non admisión da declaración testemuñal ou pericial dos mediadores. A non admisión de preguntas no interrogatorio de parte e da testemuñal referida a cuestións suscitadas ou información fornecida exclusivamente no seo da mediación. A non admisión da proba documental referida a tales cuestións e extremos. Excepcionalmente, para o suposto de incumprimento imponense as sancións previstas no artigo 247 LAC por mala fe procesual.

Para rematar quixera agradecer o esforzo dos mediadores e mediadoras, dos colexios profesionais intervinientes, da fiscalía de área de Santiago de Compostela e, especialmente, dos letrados e letradas implicadas até o momento nos casos sometidos ao proxecto pola súa xeral receptividade e sincera cooperación nel, agás dous ou tres casos illados non representativos da avogacía compostelá. Non debe obviarse ademais a crecente relevancia da mediación como saída profesional, e non só familiar, senón asemade noutros ámbitos (civil e mercantil sen restricións, por exemplo, en Cataluña) e da chamada mediación comunitaria, social ou cidadá, extraordinariamente útil para resolver problemas en que as persoas deben continuar relacionándose (relacións de veciñanza, profesionais, asociativas, colexiais ou, mesmo, do ámbito da pequena empresa, etc.).


Roberto Soto

Maxistrado - Xuíz

Xulgado de 1ª Instancia, núm. 6. Santiago

## Urbanismo

### Monografía: O Solo de Núcleo Rural na Louga 9/2002



Recentemente a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) publicou a monografía 14 titulada O Solo de Núcleo Rural na Lei 9/2002, estudo que intenta afondar en cuestións capitais desta institución: posúe o solo de núcleo rural carácter regulado?; como se delimita un núcleo rural?; pódese obrigar a administración a recoñecer unha vivenda ou propiedade dentro dun núcleo rural?; que clasificación urbanística merecen as aldeas englobadas ou limítrofes ás cidades?; que edificacións son tradicionais?; cando un núcleo é urbano e cando é de núcleo rural?; que acontece cos núcleos despoboados?; como se equipara o solo de núcleo rural coas categorías básicas estatais?; pódese condicionar a creación, dimensionamento e existencia dunha área de expansión? Estas preguntas teñen a súa transcendencia se temos en conta que existen 30.000 núcleos rurais en Galicia e que, en consecuencia, máis das dúas terceiras partes do solo que a día de hoxe se vén habilitando para ser edificado en Galicia posúe a clasificación de solo de núcleo rural.

En definitiva, o traballo pretende estudar con profundidade a institución urbanística máis xenuinamente galega e encher o baleiro regulamentario, xurisprudencial e doutrinal que existe sobre esta institución tan escasamente estudada, sempre dende unha perspectiva xurídica e eminentemente práctica. En definitiva, imprescindible para o exercicio profesional dun avogado urbanista.

A monografía pódese consultar na biblioteca do noso colexio e na web da EGAP no seguinte enderezo:

<http://egap.xunta.es/fich/public66.pdf>

Paulo López Porto

Colexiado 1937 ICA Santiago



Paulo López Porto  
Colexiado 1937 ICA Santiago

## Novidades destacadas

### Póliza de cobertura básica de falecemento

O Colexio de Avogados de Santiago está negociado a contratación dunha nova póliza con cobertura básica de falecemento para todos os colexiados e colexiadas exercentes residentes. Esta póliza será sufragada con cargo aos orzamentos do colexio e a súa cobertura básica será de 3000 euros.

A instrumentación da cobertura básica de falecemento será, polo xeral, incluída dentro do sistema profesional do plan universal para os colexiados que sexan mutualistas. Non caso de non ser

mutualistas, a cobertura instrumentarase mediante a apertura do sistema de aforro flexible.

A contratación desta nova póliza súmase ás coberturas que este colexio ofrece a todos os seus letrados, como son o seguro de accidentes para os profesionais da quenda de oficio ou a póliza de incapacidade laboral transitoria (neste momento en proceso de negociación para mellorar as súas prestacións).

### A plataforma Lexnet entra en funcionamento nos xulgados composteláns

O pasado 29 de abril a Dirección Xeral de Xustiza comunicáballe ao colexio de avogados que xa se levara a cabo a primeira migración ao contorno do novo sistema de comunicación electrónica Lexnet. Con este primeiro paso, os xulgados do contencioso e do social comezaron a estar operativos nesta plataforma e máis tarde iríanse sumando os demais.



Coa posta en funcionamento desta ferramenta os letrados e letradas que dispoñan de sinatura dixital poderán realizar as súas comunicacións cos xulgados por vía telemática. Deste xeito, poderanse axilizar certas xestións como a presentación de demandas ou outra documentación e recibir á vez as notificacións dos xulgados.

Aínda que os letrados que dispoñen de sinatura dixital poden solicitar directamente a alta nesta plataforma, o Consello Xeral da Avogacía Española e a Dirección Xeral de Xustiza recomentan que estas altas sexan tramitadas por estas mesmas entidades a través do colexio de avogados. Con esta finalidade, o colexio encargouse de confeccionar un listado coas solicitudes de alta das persoas interesadas en facer uso deste novo servizo.

O persoal técnico dos servizos informáticos da Dirección Xeral de Xustiza ofreceu no mes de maio unha demostración práctica co fin de dar a coñecer o novo sistema Lexnet entre os letrados e letradas do colexio. Nesta reunión, que tivo lugar no salón de actos colexial, proporcionouse información detallada sobre o funcionamento e o manexo desta plataforma.

### Acordo da xunta sectorial de maxistrados da Audiencia Provincial da Coruña (23/07/2009)

**Aplicación ás custas da execución do límite da terceira parte da contía do proceso, consonte o disposto no artigo 394.3 da Lei de axuízamento civil (LAC), canto aos honorarios de avogados e demais profesionais non suxeitos a tarifa ou arancel.**

Exponse que entre as seccións desta audiencia provincial se están mantendo posturas discrepantes con relación a se nas taxacións das custas derivadas da execución rexe ou non o límite previsto no artigo 394.3 da LAC para os honorarios dos profesionais non suxeitos a arancel.

Logo de analizar as distintas tendencias, a xunta sectorial acorda por unanimidade que nas taxacións de custas das execucións si rexe o límite previsto no artigo 394.3 da LAC, dada a remisión que contén o parágrafo segundo do artigo 243.2 da mesma lei. Tense en consideración que o artigo 234.2 deste texto procesual establece que as disposicións do título VII se han de aplicar ás taxacións de custas “en todo tipo de procesos e instancias”.



## Circular da Axencia Estatal de Administración Tributaria sobre comportamentos ilícitos

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) remitiulle ao colexio de avogados unha circular na que se advertía aos colexios profesionais sobre a presenza de mecanismos ilícitos empregados por algúns contribuíntes para reducir a base imponible derivada de actuacións profesionais.

O Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da AEAT detectou dous mecanismos de fraude que teñen por obxecto minorar a base imponible sometida a gravame por parte de algúns profesionais. Transcribimos a seguir estes mecanismos.

1. Percepción de retribucións a través de sociedades interpostas  
Trátase de profesionais que prestan servizos, case en exclusiva, a unha sociedade que á vez presta servizos profesionais, aínda que formalmente esta prestación de servizos se efectúa a través dunha sociedade interposta.

A sociedade interposta, titularidade do profesional, a través da que recibe as retribucións polos seus servizos á sociedade profesional, carece de estrutura para realizar a actividade profesional que se pretende, ao non dispor de medios persoais e materiais suficientes e axeitados para a prestación de servizos desta natureza.

O único obxecto de interpor estas sociedades é obter unha redución ilícita da carga fiscal que se deriva dos servizos profesionais prestados realmente polo profesional á sociedade profesional. Esta redución conséguese a través de diversas vías:

- Os servizos profesionais prestados polo profesional (suxeitos a retención) son pagados pola sociedade profesional á sociedade interposta (non suxeitos a retención), evitando así a práctica de retencións sobre os rendementos derivados de actividades profesionais que debeu practicar a sociedade profesional.

- Redución da carga fiscal, ao ser o tipo efectivo do impostos sobre sociedades inferior ao resultante do IRPF.
- Diferimento da tributación mediante o remansamento de rendas na sociedade interposta.
- O denominado efecto “splitting”: ao figurar como socios da entidade interposta familiares do profesional, o futuro reparto de renda a estes permite unha tributación futura no IRPF a tipos inferiores aos que correspondería (progresividade do IRPF) de ter tributado estas rendas directamente no socio profesional.
- Compensación en sede da sociedade interposta dos ingresos derivados da actividade profesional con partidas de gasto que non afectan de ningún xeito ao exercicio da actividade profesional por parte do obrigado tributario e que se corresponden con gastos ou investimentos propios da súa esfera particular, retribucións do persoal de servizo, colexios, vehículos de turismo, embarcacións de recreo, viaxes en período de vacacións, artigos de luxo, etc.

2. Percepción das retribucións directamente por parte do profesional como rendementos derivados da súa actividade económica, con dedución de gastos ou investimentos non relacionados co desenvolvemento da actividade profesional. Nestes casos a retribución obtida polos servizos profesionais prestados tributan directamente no profesional en concepto de IRPF, aínda que se diminúe o rendimento neto mediante a inclusión de gastos que carecen de relación con tal actividade e que, como se indicou no apartado anterior, se corresponden con gastos ou investimentos propios da súa esfera particular, tales como inmobles, reparacións ou reformas da súa vivenda particular, retribucións do persoal de servizo, colexios, vehículos de turismo, embarcacións de recreo, viaxes en período de vacacións, artigos de luxo, etc.



Agencia Tributaria



## Convenios asinados

### Convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para poñer en funcionamento un servizo de asistencia xurídica para a vía previa administrativa e laboral

O colexio de avogados e o Concello de Santiago asinaron o día 24/04/2009 un convenio de colaboración para poñer en marcha un servizo de asesoramento e asistencia xurídica para a vía previa administrativa e laboral. A sinatura deste convenio está motivada pola ausencia de regulación desta vía no módulo de compensación económica das actuacións da quenda de oficio.

Coa sinatura deste convenio o colexio de avogados creará unha lista de letrados/as especializados en materia administrativa e laboral que serán os encargados de asesorar e realizar os recursos previos pertinentes. Este labor será retribuído por analogía co establecido no baremo da quenda de oficio para a vía previa administrativa (116 €).

#### Persoas beneficiarias

Só poderán beneficiarse do antedito servizo as persoas empadroadas no Concello de Santiago dado o carácter limitado de actuación previsto neste convenio.

#### Funcionamento

Os servizos sociais do Concello de Santiago dirixirán a este colexio as persoas interesadas en presentar algún tipo de recurso para esgotar a vía administrativa. Unha vez realizadas as comprobacións de carácter económico (segundo o disposto no baremo de asistencia xurídica gratuita), o colexio designará un letrado ou letrada desta nova lista especial para levar a cabo as tarefas de asesoramento e interposición do(s) recurso(s) que correspondan.

### Convenio de colaboración coa empresa Inforsiga SL para a adaptación técnica ás esixencias da Lei orgánica de protección de datos

O colexio de avogados asinou un convenio de colaboración coa empresa informática Inforsiga SL co fin de ofrecerlles a todos os despachos a posibilidade de realizar unha auditoría técnica que determine as necesidades e os graos de cumprimento das medidas de seguridade que establece a regulamentación actual e, en especial, a Lei orgánica de protección de datos (LOPD).

De acordo con este convenio, a referida empresa realizará unha auditoría inicial que non suporá ningún custo para o despacho. A empresa só facturará no caso de contratar

posteriormente a adaptación técnica necesaria para cumprir o establecido na normativa de protección de datos. Como resultado deste convenio, esta empresa aplicará os seguintes descontos aos nosos colexiados/as:

Adaptación técnica á LOPD	20%
Auditoría bianual LOPD	40%
Sistemas antivirus NOD 32	15%
Páxina web despacho desde	500 €
Descontos en material informático	15%

## Vida colexial

### Cursos e Xornadas



O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela volve organizar unha nova edición dos  **cursos de inglés**  para colexiados/as e fillos de colexiados/as. As clases comezaron o 1 de outubro logo de establecer os grupos e os horarios de asistencia.

Entre os días 13 e 16 de maio o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración coa Universidade de Santiago e a Escola de Práctica Xurídica, levou a cabo o curso  **Tráfico e seguridade viaria: regulación e consecuencias xurídicas dunha conducción irresponsable** .



O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organizou o seminario  **Redacción e estilo na documentación xurídica**  que terá lugar os días 5, 6, 7 e 8 de outubro.



O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, organizou o 14 de maio unha xornada baixo o título  **Análise sobre a problemática que presenta a execución de sentenzas contra a Administración** .



## Circulares informativas 2009

### ■ Circular 01/2009

/ Festividade de San Raimundo de Peñafort

### ■ Circular 02/2009

/ Convocatoria de Xunta xeral 1ª/2009  
/ Festividade de San Raimundo de Peñafort

### ■ Circular 03/2009

/ Acordos Xunta de Goberno  
/ Acordos Xunta de Xuíces de Santiago  
/ Convenios

### ■ Circular 04/2009

/ Creación dunha comisión de honorarios  
/ Reunión informativa quenda de oficio (10/03/2009)  
/ Xornada sobre “As últimas reformas do imposto de sucesión e doazóns”

### ■ Circular 05/2009

/ Renovación de membros da comisión da quenda de oficio e do servizo de orientación xurídica.  
/ Xornada de formación: “Os problemas prácticos dos procesos con xurado”  
/ Implantación do grao en criminoloxía e seguridade

### ■ Circular 06/2009

/ Escrito de queixa ao Xulgado de Instrución núm. 3 (violencia de xénero)

### ■ Circular 07/2009

/ Convenio de colaboración co Concello de Santiago para poñer en funcionamento un servizo de asistencia xurídica para a vía previa administrativa e laboral.  
/ Xornada de análise sobre a problemática que presenta a execución de sentenzas contra a Administración.

### ■ Circular 08/2009

/ Posta en funcionamento da plataforma LexNet  
/ Demostración práctica de como funciona LexNet

### ■ Circular 09/2009

/ Reunión previa á asemblea xeral da Mutualidade  
/ Convenio de colaboración con Inforsiga  
/ Curso de verán 2009: Tráfico e seguranza viaria, regulación e consecuencias xurídicas dunha conducción irresponsable

### ■ Circular 10/2009

/ Curso Tráfico e seguranza viaria: programa

### ■ Circular 11/2009

/ Cursos de verán sobre tráfico e seguranza viaria: bolsas de matrícula  
/ IV Conferencia da British Spanish Law Association (BSLA) en Santiago de Compostela

### ■ Circular 12/2009

/ Cursos de inglés  
/ Seminario: Redacción e estilo na documentación xurídica

Dende o 01/01/2007 as circulares informativas remítense aos colexiados/as a través do correo electrónico. Para solicitar a alta neste servizo deberase facilitar na secretaría do colexio un enderezo de correo electrónico e unha autorización expresa para recibir esta información (circulares, novidades lexislativas, etc.).

### ■ Quenda de oficio 01/2009

/ Novos modelos de solicitude de asistencia xurídica gratuíta  
/ Seguro colectivo de accidentes para os letrados/as do servizo de asistencia ao detido e a vítimas de violencia de xénero

### ■ Quenda de oficio 02/2009

/ Listas de asistencia ao detido  
/ Declaracións trimestrais das actuacións na quenda de oficio

## Ao pé da letra

### Unha Xustiza máis xusta

#### O dereito a empregar a lingua propia na Administración de Xustiza

A linguaxe, como vehículo de expresión, constitúe o presuposto imprescindible para o exercicio dos dereitos fundamentais. O recoñecemento da riqueza lingüística en España, veu da man da Constitución española (CE) de 1978 que consagrou a diversidade lingüística como a expresión da pluralidade existente. Esa concepción é a que recolle o seu preámbulo, así como o artigo 3 ao sinalar a cooficialidade das linguas españolas diferentes do castelán nas respectivas comunidades autónomas, de acordo cos seus estatutos. O recoñecemento da oficialidade dunha lingua serve á igualdade substancial ou efectiva das persoas e pobos que a falan cos falantes doutras linguas oficiais (artigos 9.2 e 14 CE) e, por tanto, á cláusula do estado social. Serve, así mesmo, á mellor participación nos asuntos públicos dos cidadáns e das cidadás (artigos 9.2 e 23 CE) e, por tanto, á cláusula de estado democrático; e, por último, á seguranza xurídica (artigos 9.3 e 24 CE) e á cláusula de estado de dereito.



Sobre a base do antedito mandato constitucional, desenvolvéronse os diferentes réximes de cooficialidade lingüística a través do réxime estatutario naquelas comunidades que posúen un idioma propio diferente do castelán, cos seus seguintes efectos xurídicos.

Nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística, o uso por parte das persoas particulares de calquera lingua oficial ten, efectivamente, plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público con sede no seu territorio, toda vez que o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial é un dereito fundamentado na Constitución e nos respectivos estatutos de autonomía. No caso de Galicia, a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía para Galicia recolleuno no seu artigo 5.

Para o desenvolvemento dos artigos citados anteriormente, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. No artigo 1 establece que “O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de usalo”. E no artigo 3, parágrafo segundo, di: “Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua”.

Xa no ámbito da Administración de Xustiza, a lei 3/1983 sinala no seu artigo 7 a cooficialidade do castelán e do galego nas relacións dos cidadáns con aquela e, así mesmo, recolle o compromiso da Xunta de Galicia de normalizar progresivamente o uso do galego na antedita administración.

Todos estes artigos teñen que ser completados na súa aplicación co previsto no artigo 231 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. Da lectura do precepto, pódese extraer unha serie de pautas:

1. En primeiro lugar, establece como regra xeral que o castelán é a lingua das actuacións xudiciais.
2. En segundo lugar viría a excepción da regra xeral: a lingua das actuacións procesuais será a propia da comunidade autónoma onde se desenvolvan, sempre e cando as partes non se opoñan. Deste xeito, tanto as actuacións de xuíces/as, maxistrados/as, fiscais/las e do resto do persoal, como as das partes, serán totalmente válidas sen necesidade de seren traducidas ao castelán.
3. E, por último, recolle unha excepción da excepción. Non será posible empregar a lingua propia da comunidade autónoma nos seguintes supostos:
  - a. Cando as actuacións teñan efectos noutra comunidade.
  - b. Cando as partes aleguen indefensión, polo seu descoñecemento do idioma oficial propio da comunidade autónoma.

Podemos concluír, entón, que este artigo presenta unha nota discordante cando, despois de prever a utilización ordinaria do castelán nas actuacións xudiciais e só admitir a tramitación na lingua oficial propia da comunidade autónoma se ningunha das partes se opón, non prevé a tradución das actuacións seguidas en



castelán á outra lingua oficial por pedimento dunha das partes. Esta omisión debe ser criticada posto que:

1. Supón un freo á progresiva adaptación dos nosos poderes públicos ao modelo lingüístico constitucional, ao relegar as linguas propias das comunidades autónomas a un estatus de inferioridade.
2. Implica un conflito coa lexislación autonómica, que recolle o dereito a ser atendido pola Administración de Xustiza na lingua propia da comunidade.
3. Introduce unha asimetría entre os dereitos lingüísticos dos e das particulares ante a Administración Xeral do Estado (artigo 36 da Lei 30/19922, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) e a de Xustiza.
4. Ignora a clara tendencia do dereito supranacional e internacional de legislar o dereito das partes á tradución das actuacións xudiciais á lingua da súa elección (artigo 30.1 do Regulamento de procedemento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea).

O comité de expertos encargado de avaliar a aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (CELRM), ratificada por España en 2001, no seu informe de setembro de 2005 sobre a aplicación da Carta en España, concluíu que existía un sólido recoñecemento e un alto grao de protección das linguas rexionais e minoritarias, e situaba España “entre os países máis firmemente comprometidos coa protección e promoción das linguas rexionais ou minoritarias”. O único ámbito, onde o comité de expertos detectou un notorio incumprimento dos compromisos adquiridos é precisamente o da Administración de Xustiza.

Desde a perspectiva da persoa, a oficialidade dunha lingua significa

o seu dereito subxectivo a usar a lingua oficial nas súas relacións cos poderes públicos, con plena validez e eficacia. Como é evidente, nas comunidades con máis dunha lingua oficial o dereito de uso

supón “un dereito de elección da lingua cooficial” utilizada nas actuacións da cidadanía, e unha paralela suxeición da administración, obrigada a seguir a relación con aquela persoa na lingua por ela elixida.

O dereito de elección da lingua subsume o dereito subxectivo dos membros das minorías lingüísticas a utilizar a súa lingua propia. Trátase dun dereito humano no seu estricto e verdadeiro sentido e como tal recollido no artigo 27 do Pacto internacional de dereitos civís e políticos do 19 de decembro de 1966.

Estamos a falar, por tanto, dun verdadeiro dereito da cidadanía. Á hora de regular a utilización das linguas cooficiais na Administración de xustiza, a prioridade ten que ser garantir os dereitos lingüísticos dos aproximadamente 15 millóns de persoas españolas que, ademais do castelán, falan outra lingua oficial. Verbo disto, o horizonte ao que deben apuntar as actuacións das distintas administracións na promoción do uso das linguas oficiais distintas do castelán é o de atender os dereitos civís dos cidadáns, dos que cabe concluír que a lingua cooficial non é un gravame para ninguén, senón unha fonte de riqueza para todos.



Elsa R. Gómez Gómez

Avogada. Colexiada 1223 do ICA Santiago



## Ao pé da letra

### O uso das maiúsculas na documentación xudicial: os nomes das profesións e dos textos normativos

#### Profesións e cargos oficiais

Os nomes comúns que designan profesións e cargos oficiais escríbense por regra xeral con minúscula, independentemente da súa categoría ou rango.

o/a maxistrado/a	o/a axente xudicial
o/a xuíz/a	o/a perito/a
o/a xuíz/a decano/a	o/a decano/a
o/a presidente/a da sala	o/a vicedecano/a
o/a secretario/a xudicial	o/a deputado/a
o/a auxiliar	o/a vogal
o/a avogado/a	o/a fiscal/a
o/a procurador/a	o/a notario/a
o/a mediador/a	

Admítese o uso da maiúscula nos nomes dos cargos cando aparecen acompañados do tratamento protocolario.

Excmo. Sr. Decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Non obstante, cando o nome do cargo non aparece incluído na fórmula de tratamento, debemos escribilo en minúscula.

Excmo. Sr. Evaristo Nogueira Pol, decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

#### Textos normativos e documentos xurídicos

O uso das maiúsculas nas denominacións dos textos normativos debe limitarse unicamente á primeira palabra da frase titular.

Constitución española (CE)

Código civil (CC)

Estatuto de autonomía de Galicia (EAG)

Lei orgánica do poder xudicial (LOPX)

Lei de axuízamento civil (LAC)

Regulamento de asistencia xurídica gratuíta (RAXG)

Real decreto 1374/2009, do 28 de agosto, polo que

Decreto 369/2009, do 23 de xullo, polo que ...

Orde do 18 de setembro de 2009 pola que se resolve ...

Resolución do 10 de setembro de 2009 pola que ...

Acordo do 19 de novembro de 2008, da Delegación Provincial da Coruña, polo que ...

O nome dos documentos xurídicos escríbese en minúscula agás cando se trata de resolucións (sentenza e auto) citadas coa súa denominación completa.

o recurso de apelación

o requirimento

a demanda de desafuzamento

a notificación

a querela

a providencia

a denuncia

a Sentenza TSXG 24/2008

o exhorto

o Auto AP Pontevedra 32/2009



Martín Ramos Ínsua

Asesoramento lingüístico ICA Santiago



SERVIZO DE  
ASESORAMENTO  
LINGÜÍSTICO  
ICA SANTIAGO



Colexio  
de Avogados  
de Santiago  
de Compostela

"Avogamos polo galego"

## Novidades xuño - setembro 2009

- | *La PROTECCIÓN de las personas con discapacidad y en situación de dependencia en el derecho de la seguridad social y en el derecho tributario.* Navarra: Thomson-Aranzadi, 2009.
- | GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Alfonso. *El despido: cuestiones prácticas, jurisprudencia y preguntas con respuesta.* Valladolid: Lex Nova, 2009.
- | MESA MARRERO, Carolina. *El contrato de alimentos: régimen jurídico y criterios jurisprudenciales.* Navarra: Thomson-Aranzadi, 2009.
- | PÉREZ CAPITÁN, Luis. *La imprudencia del trabajador accidentado y su incidencia en la responsabilidad empresarial.* Navarra: Thomson-Aranzadi, 2009.
- | MAGRO SERVET, Vicente. *Casuística práctica en la suspensión de los juicios civiles y medidas para agilizar la jurisdicción civil: estudio y formularios.* Madrid: La Ley, 2009.
- | *La COLABORACIÓN público-privada en la Ley de Contratos del sector público: aspectos administrativos y financieros.* Madrid: La Ley, 2009.
- | *El CONTRATO de concesión de obras públicas en la ley de contratos del sector público.* Madrid: La Ley, 2009.
- | VICEDO CAÑADA, Luisa. *De contrato de trabajo a tiempo completo a contrato a tiempo parcial: una solución para las PYMES en tiempos de crisis.* Bilbao: La Ley, 2009.
- | UGALDE GONZÁLEZ, José Ignacio. *El recurso de casación laboral.* Bilbao: La Ley, 2009.
- | RIVES SEVA, José María. *Proceso sobre la capacidad de las personas: estudio de su regulación en la Ley de Enjuiciamiento Civil.* Madrid: La Ley, 2009.
- | JOSÉ DEL REY, Joaquín. *La defensa jurídica contra la contaminación acústica.* Madrid: La Ley, 2009.
- | PASTOR DEL PINO, María del Carmen. *El incentivo fiscal a la inversión en actividades empresariales de innovación en el impuesto sobre sociedades.* Madrid: La Ley, 2009.
- | GARCÍA MEDINA, José. *Nuevas y especiales formas de garantía en el comercio: estudio sistemático y crítico.* Bilbao: La Ley, 2009.
- | NUEVOS conflictos del derecho de familia. Madrid: La Ley, 2009.
- | BLASCO PELLICER, Ángel. *Los expedientes de regulación de empleo.* Valencia: Tirant lo Blanch, 2009.
- | *COMENTARIOS a la ley de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.* Navarra: Aranzadi, 2009.
- | GARCÍA PRESAS, Inmaculada. *La mediación familiar: una alternativa en el proceso judicial de separación y divorcio.* Madrid: La Ley, 2009.
- | SANZ CLAVIJO, Alfonso. *La caducidad del procedimiento: su aplicación en el ámbito administrativo y tributario.* Bilbao: La Ley, 2009.
- | *MARCA y publicidad comercial: un enfoque interdisciplinar.* Madrid: La Ley, 2009.
- | BUENO MALUENDA, Cristina. *La vivienda habitual en el Impuesto sobre la renta de las personas físicas.* Madrid: La Ley, 2009.
- | ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Georgina Ivón. *Los grupos de contratos en el crédito al consumo.* Madrid: La Ley, 2009.
- | VILLANUEVA LUPIÓN, Carmen. *El servicio como objeto de tráfico jurídico.* Madrid: La Ley, 2009.
- | *El ACTO de certificación.* Madrid: La Ley, 2009.
- | *El PROCESO penal práctico: comentarios, jurisprudencia, formularios.* Madrid: La Ley, 2009.
- | ALONSO ESPINOSA, Francisco José. *Régimen jurídico de la emisión de obligaciones: comentario a los artículos 282 a 310 de la ley de sociedades anónimas y al artículo 30.ter de la ley 24/1988, del mercado de valores.* Madrid: La Ley, 2009.
- | *CÓDIGO del fútbol.* Madrid: La Ley, 2009.

## Acordo de colaboración coa editorial “La Ley-Grupo Wolters Kluwer”

A EDITORIAL LA LEY-GRUPO WOLTERS KLUWER, en virtude do acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:



**Marca y publicidad comercial. Un enfoque interdisciplinar:**

**Autor:** Ángel Martínez Gutierrez

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 1312



**Régimen jurídico de la emisión de obligaciones:**

**Autor:** Francisco José Alonso Espinosa

**Ano:** 2009

**Edita:** LA LEY

**Páxinas:** 428



**Código del fútbol:**

**Autor:** Varios

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 1035



**El acto de certificación:**

**Colección:** Claves La Ley

**Autor:** Francisco López Merino

**Edita:** La Ley

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 856



**La caducidad del procedimiento. Su aplicación en el ámbito administrativo y tributario:**

**Colección:** Temas La Ley

**Autor:** Alfonso Sanz Clavijo

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 404



**La mediación familiar. Una alternativa en el proceso judicial de separación y divorcio:**

**Colección:** Temas La Ley

**Autor:** Inmaculada García Presas

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 592



**El servicio como objeto de tráfico jurídico:**

**Colección:** Temas La Ley

**Autor:** Carmen Villanueva Lupión

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 604



**Los grupos de contratos en el crédito al consumo:**

**Colección:** Temas La Ley

**Autor:** Gerogina Ivón Álvarez Martínez

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 424



**La vivienda habitual en el impuesto sobre la renta de las personas físicas:**

**Colección:** Temas La Ley

**Autor:** Cristina Bueno Maluenda

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 468



**El proceso penal práctico. 6ª Edición:**

**Autor:** Varios

**Edita:** LA LEY

**Ano:** 2009

**Páxinas:** 2136



## AXAC: algunhas actuacións e proxectos



Case por tradición, é costume que a AXAC organice comidas-coloquio co dobre obxectivo de afondar nun tema concreto e facilitar a interrelación persoal entre os avogados novos de Santiago e outros profesionais xurídicos nun ámbito distinto (e máis distendido) do habitual. Na nosa cidade existe unha abundante oferta de cursos, xornadas e charlas formativas, xa sexa ofrecidas polo Colexio, a Escola de Práctica Xurídica ou algunha Administración. Non se trata de duplicar ofertas inutilmente gastando un orzamento que non temos senón, máis ben, de buscar temas distintos e enfocalos de xeito diferente.

Escollemos por iso a experiencia do programa de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela, explicada por D. Roberto Soto Sola, maxistrado do Xulgado de Primeira Instancia n.º 6 desta cidade, e a execución monetaria, da que nos falou D. José Luis Seoane Spiegelberg, presidente da Audiencia Provincial da Coruña.

Nun ámbito ben distinto, e por petición de varios agrupados, a AXAC canalizou diversos escritos de queixa de colexiados polo trato dispensado a estes por parte do Sr. Colubi Mier, daquela maxistrado-xuíz do Xulgado de Instrución n.º 3 de Santiago de Compostela, que remataron nunha queixa formal do colexio contra este.

Segue pendente, é certo, organizar unha visita ao Pórtico da Gloria da catedral.

Tamén se vos informou anteriormente de que dende finais de marzo a Agrupación de Santiago forma parte da executiva da Confederación Española de Abogados Jóvenes (CEAJ) e proximamente asumirá a presidencia da Federación Galega de Xoves Avogados (FEGAXA). Dende eses ámbitos poderá ter participación en cuestións de interese xeral, como as negociacións referentes á quenda de oficio ou a proposta dun convenio colectivo propio para a relación laboral especial da avogacía.

Agardamos que, a través de CEAJ, se lles poida ofrecer aos agrupados composteláns algunha vantaxe adicional. Algunhas convocatorias para institucións europeas, cuxa presentación está vedada aos particulares, son accesibles a través deste mecanismo e xa empezaron a tramitarse, son unha oportunidade tanxible e inmediata. Agardemos que outras, dende ofertas de mutualidades ata cursos de creación dunha páxina web dende a propia páxina de CEAJ ([www.cejaj.es](http://www.cejaj.es)) estean dispoñibles axiña.

Do que, pouco a pouco, se vaia conseguindo, manterémosvos informados.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009

AXA Compostela

## Opinan de nós

### Opinan de Nós

Nesta sección a cidadanía compostelá ofrece o seu punto de vista sobre certos aspectos da avogacía como profesión.



Xosé Manuel Iglesias Iglesias

Concelleiro

Concello de Santiago de Compostela

#### Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Creo que temos unha boa universidade, que imparte unha formación de calidade. A base é boa. O resto depende da persoa, de como asimilou eses coñecementos, de como os aplica a nivel profesional e de como se vai adaptando aos cambios que van xurdindo dentro da súa especialidade.

#### Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

A verdade é que eu non adoito recorrer aos servizos de avogados. Pero dos que coñezo persoalmente, si podoo dicir que prestan uns servizos de calidade.

#### Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Creo que o consello que lles podoo dar xa o están aplicando. É prestar un servizo personalizado, con nomes e apelidos. Cada persoa é un mundo, coa súa percepción da realidade e as súas inquedanzas. Que o cliente non sexa un simple expediente ou número.

#### Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

É útil, claro que si. A sociedade ten que ter unhas normas que establezan, ao mesmo tempo, unha

igualdade de dereitos e o respecto á liberdade individual da persoa. Estas normas existen. Podemos estar máis ou menos de acordo, pero son froito dun consenso democrático e cómpre respectalas. É aí onde é fundamental o labor de orientación e defensa dos dereitos do individuo por parte dos membros da avogacía e da xurisprudencia.

#### Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Penso que aínda queda camiño por andar. A percepción que ten a sociedade de xuíces e avogados é, como a valoración da política, negativa. E son datos do CIS. Cómpre chegar máis á cidadanía, e iso conséguese a través, como dixen antes, dun trato máis personalizado. É necesario concienciar a poboación da importancia de recibir asesoramento legal para evitar non só problemas legais ou tributarios, senón para obter compensacións. Un exemplo podería ser unha factura dunha compañía eléctrica ou telefónica mal tramitada ou que non se axuste á legalidade. Se o consumidor ou consumidora recibe o asesoramento adecuado, non só recuperaríaa cantidade pagada a maiores, senón que se evitarían máis prácticas deste tipo.

## Opinan de Nós

Nesta sección a cidadanía compostelá ofrece o seu punto de vista sobre certos aspectos da avogacía como profesión.



Javier Castiñeiras Izquierdo

Secretario

Concello de Santiago de Compostela

### Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Como é sabido, os xuristas galegos gozan de merecida fama e competencia profesional, da cal participan decididamente os compañeiros que exercen a avogacía. Diso dou fe como responsable da coordinación da asesoría xurídica da capital de Galicia.

### Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

Efectivamente, sempre recibín un servizo personalizado, moi profesional e de calidade, e aconselláronme sobre todos os aspectos relacionados coa consulta ou controversia.

### Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Sobre todo que fagan valer o mellor da nosa profesión, a vocación de servizo aos demais, con desinterese, demostrando aquilo de que é mellor alcanzar un moderado acordo que a posibilidade de gañar un bo preito. En definitiva, que se poñan sempre no lugar do seu cliente.

### Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Naturalmente, no seu sentido mais práctico, porque a ignorancia da lei non exime do seu cumprimento e estamos a convivir nunha sociedade regulada polo dereito. Dun xeito máis profundo, o dereito serve de canle para harmonizar as relacións humanas e, despois da sanidade, a xustiza é o servizo público máis necesario, intimamente relacionada coa paz e a seguridade que permiten o libre desenvolvemento da personalidade.

### Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Cada vez máis, precisamente grazas á competencia e profesionalidade dos membros da avogacía compostelá. En calquera caso, cada vez entende mellor a xente que non se trata tanto de ter ou non a razón en termos absolutos como de facer valer “o mellor dereito”. En definitiva, valoran perfectamente o interese demostrado polo seu avogado, á marxe do resultado xurisdiccional.



# Fóra da Lei

Na sección “Fóra da Lei” preguntamos polos gustos e preferencias sobre literatura, música, cine, viaxes... a persoas do noso contorno máis achegado.

## O próximo/a podes ser ti...

Nesta ocasión tres mulleres "de bandeira" contestaron o noso indiscreto cuestionario. SOLEDAD SÁNCHEZ SILVA (procuradora) MARÍA JESÚS MATOVELLE (avogada), e INMA LÓPEZ (traballadora do colexio) cedéronnos amablemente unha parcela da súa intimidade para que todos coñezamos un pouco máis dos seus gustos e afeccións, das súas filias, das súas fobias... En fin, un pouco de si mesmas, tal e como son (que non é pouco).



Soledad Sánchez Silva



M.ª Jesús Matovelle



Inma López

### 1. Unha de libros

#### Cal foi o último libro (non xurídico) que liches?

CHUS: Non sei se *La elegancia del erizo*, de Muriel Barbery, ou *Marga D'Andurain*, de Cristina Morató. Linos case ao mesmo tempo no mes de agosto.

SOLEDAD: *La mano de Fátima*, de Ildefonso Falcones.

INMA: *El último encuentro*, de Sándor Márai.

#### Que libro lle regalarías ao teu mellor amigo?

CHUS: Calquera de *Colette* (*Gigi* ou *Claudine en la Escuela*, mesmamente).

SOLEDAD: *El último encuentro*, de Sándor Márai, para o meu mellor amigo.

INMA: *El escarabajo*, de Manuel Mujica Láinez.

#### E ao teu peor inimigo?

CHUS: Nunca lle regalaría un libro.

SOLEDAD: Ao meu inimigo nin auga.

INMA: Ningún.

#### Se só puideses salvar un libro da fogueira, cal salvarías?

CHUS: *El Conde de Montecristo* (A. Dumas).

SOLEDAD: *El cuarteto de Alejandría*, de Lawrence Durrell.

INMA: Intentaría salvarlos todos. Pero se tivese que elixir, *De profundis*, de Oscar Wilde.

### 2. Outra de cine

#### En que película non puidesches evitar quedar durmida?

CHUS: *Titanic*.

SOLEDAD: *Todos los hombres del presidente*, dirixida por Alan J. Pakula.

INMA: Quedei durmida en moitas...

#### - Cal é a película que non te cansas de ver?

CHUS: *La reina de África* (a de John Huston).

SOLEDAD: *Las invasiones bárbaras*, dirixida por Denys Arcand.

INMA: *Gallipoli*, de Peter Weir.

### 3. Historia

#### Con que personaxe da Historia irías cear?

CHUS: Co cardeal Richelieu.

SOLEDAD: Con Xesús de Nazaret.

INMA: Con Marco Polo.

### 4. Arte

#### Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático te deixa abraida?

CHUS: O Ermitage.

SOLEDAD: O Taj Mahal.

INMA: A praza do Obradoiro, de noite e con chuva.

### 5. Música

#### Cal é a música que consegue amansarte neses "momentos fera"?

CHUS: Eric Clapton.

SOLEDAD: Carmina Burana.

INMA: *Oda para el cumpleaños de la reina Mary*, de Henry Purcell.

### 6. Por último, viaxes

#### Cal é a viaxe que fixeches que máis che gustou e a que aínda non puidesches facer, pero que seguro que non perderás?

CHUS: Un cruceiro polo Caribe baixo. Non sei se pola viaxe en si ou polo momento, pero é da que teño mellor recordo. Aínda non puiden ir a Viena, e é un dos meus próximos obxectivos.

SOLEDAD: A que máis me gustou foi unha viaxe por Italia. A que non hei perder, Canadá.

INMA: Gústame moito viaxar, e cada lugar ten o seu encanto. Teño pendente ir a Exipto.

#### A que lugar dos que visitaches non se che ocorrería volver?

CHUS: República Dominicana, non me atopei a gusto.

SOLEDAD: Malta.

INMA: Pois ata o momento, volvería a calquera dos que xa fun. Elixo "ben" as viaxes.

# Invierte al 5% + participación en beneficios

## Ahora sin límite y con todas las ventajas fiscales

**Aporta sin límites al Plan Universal manteniendo todas las ventajas fiscales**, ya que a partir de ahora, el Sistema de Ahorro Flexible, se divide en dos modalidades, en las que si lo deseas, podrás aportar independientemente:

- ✓ **PIAS**, sin pago de impuestos sobre los rendimientos pero con limitación de aportación anual a 8.000 euros.
- ✓ **SVA**, con la fiscalidad de los productos de ahorro-inversión (se tributa el 18% sobre los rendimientos cuando se hacen efectivos), sin limitación de aportación.

En ambos casos con liquidez inmediata, una vez transcurrido un año<sup>1</sup>.

El Plan Universal, está entregando este ejercicio un **5%** a cuenta, al que se añadirá a final de año la **participación de beneficios**. Aprovecha todas estas ventajas, ya que hoy en día encontrar una inversión con esta rentabilidad y, además **segura y líquida**, es muy difícil.

### Planes y Seguros de la Mutualidad

Para más información entra en  
[www.mutualidadabogacia.com](http://www.mutualidadabogacia.com)  
o llama al 902 25 50 50.



1. El segundo y tercer año se aplica una penalización del 2,5% y 1,25% respectivamente en caso de rescate; a partir de entonces no se aplica ninguna penalización.



# Espectacular!

*Un gran proyecto en un marco incomparable*

Residencial *Mirador de*

## PADÍN

**y el precio... igual de espectacular: desde 102.000€**  
**131 viviendas de 1, 2 o 3 dormitorios y locales comerciales**



**En Riveira**

**Telf.: 981- 87.00.98**

[miradordepadin@inmopuentes.com](mailto:miradordepadin@inmopuentes.com)



**\* Consulte nuestras ofertas especiales hasta el 15 de noviembre**

